LITERATURA GALEGA

DO SECULO XX E DA ACTUALIDADE

2º DE BACHARELATO

IES SÁNCHEZ CANTÓN

CURSO 2014-2015

TODA HUMILDE BELLEZA...

Vago xirón de brétema, atavío
soberbio da irta xesta, reidora,
fulgurante doíña de rocío
(pazo do sol e lágrima da aurora);

raiola de lunar que bica o río,
flor mareliña que entre espiñas chora,
ou das redes da araña un tenue fío,
toda humilde belleza me namora.

É un vermiño de luz o amigo caro
do meu nume saudoso... Antes reparo
na nudez adorable dunha estrela

que nas rosas dos vales, que sorríen,
que nos mantos dos pinos, que se engríen,
que nas blondas do mar, que se rebela
(**Noriega Varela**, ***Do ermo,*** 1920*)*

¡Nin rosas brancas, nin claveles roxos!
eu venero as froriñas dos toxos.

Dos toxales, as tenues floriñas,
que sorríen, a medo, entre espiñas.

Entre espiñas que o ceio agasalla
con diamantes as noites que orballa.

¡Oh do ermo preciado tesouro:
as froriñas dos toxos son de ouro!

De ouro vello son, mai, as froriñas
dos bravos toxales, ¡das devociós miñas!.

(**Noriega Varela**, ***Do ermo,*** 1920*)*

RAMÓN CABANILLAS

A rosa que sangra

A alma é unha roseira
  florecida, coallada
de rosiñas vermellas
e de rosiñas brancas.

Alegrías e penas
son o vento que pasa;
ás veces como un bico,
ás veces treboada.

Unha bágoa que xurde,
unha risa que estala...
¡son rosiñas que caen
da roseira da alma!

Miña nai que me arrola,
un amor que me chama,
a estreliña da groria
no sendeiro da espranza...

Cando a vida comenza
¡cantas rosiñas brancas!

Un filliño que morre,
un amor que se apaga,
a ilusión que se afoga
no remuíño das ágoas...

¡Cantas rosas vermellas
ó mediar a xornada!

Xa son vello, e o vento,
vento de treboada,
desfolloume a roseira,
a roseira da alma.

Pero desta dor da Terra
ferida e escravizada...
¡que rosiña vermella!
¡como doe!, ¡como sangra!

Da terra asoballada
1917

Acción Gallega
Himno

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ao Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrillar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
a Aldea que traballa
disposta pra loitar.

  Antes de ser escravos,
  ¡irmáns, irmáns gallegos!
  Que corra o sangue a regos
  dende a montaña ao mar.

¡Ergámonos sen medo!
¡Que o lume da toxeira
envolva na fogueira
o pazo señorial!

Xa o fato de caciques,
ladróns e herexes fuxe
ao redentor empuxe
da alma rexional.

  Antes de ser escravos,
  ¡irmáns, irmáns gallegos!
  Que corra o sangue a regos
  dende a montaña ao val.

Vento mareiro, 1915

¡En pé!

  ¡Irmáns! En pé sereos
a limpa fronte erguida,
  envoltos na brancura
  da luz que cae de riba,
  o corazón aberto
  a toda verba amiga
  e nunha man a fouce
  e noutra man a oliva,
arredor da bandeira azul e branca,
arredor da bandeira de Galicia,
  ¡cantémo-lo dereito
  á libre nova vida!

  Validos de traidores
  a noite de Frouseira
  á patria escravizaron
  uns reises de Castela.
  Comestas polo tempo
  xa afrouxan as cadeas...
  ¡Irmáns asoballados
  de xentes estranxeiras,
ergámo-la bandeira azul e branca!
E ó pé da enseña da nación galega
  cantémo-lo dereito
  á libertá da Terra!

  ¡Irmáns no amor a Suevia
  de lexendaria historia,
  ¡en pé! ¡En pé dispostos
  a non morrer sen loita!
  ¡O día do Medulio
  con sangue quente e roxa
  mercámo-lo dereito
  á libre, honrada chouza!
¡Xa está ó vento a bandeira azul e branca!
¡A oliva nunha man, a fouce noutra,
  berremos alto e forte:
  “A nosa terra é nosa”.

Da terra asoballada
1917

MANUEL ANTONIO: **De catro a catro** (1928)

SÓS

FOMOS ficando sós
o Mar o barco e máis nós.

Roubáronnos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco

Roubáronnos o vento.
Aquel veleiro que se evadeu
pola corda floxa do horizonte

Este oucéano desatracou das costas
e os ventos da Roseta
ourentaron-se ao esquenzo
As nosas soedades
veñen de tan lonxe
como as horas do reloxe
Pero tamén sabemos a maniobra
dos navíos que fondean
a sotavento dunha singladura

No cuadrante estantío das estrelas
ficou parada esta hora:
O cadavre do Mar
fixo do barco un cadaleito

Fume de pipa Saudade
Noite Silenzo Frio
E ficamos nós sós
Sin o Mar e sin o barco
nós.

NAVY BAR

Este bar ten balances
E tamén está listo
pra se facer á vela

Enchéronnos o vaso
con toda a auga do Mar
pra compor un cocktail de horizontes

Pendurados das horas
atlas xeográficos d´esperantos
están sin tradución
E tatexan as pipas
co ademán políglota das bandeiras

Ese cantar improvisado
é o mesmo
que xa se improvisou nalgures

¿Quen chegou avisándonos
desa cita noiturna que temos
co vento ao NE
na encrucillada das estrelas apagadas?

Eiquí bebe de incónito
o Mariñeiro Descoñecido
-sin xeografía nin literatura-
A noite dos naufraxos
co seu brazo salvavidas
aferrará connosco unha vela de chuvascos

O vaso derradeiro
Estaba cheo de despedidas

Polas rúas dispersas
ibámonos fechando
cada un dentro da súa alta mar

No repouso dulgún vaso
tódalas noites naufraga o Bar

FUTURISMO 1

U... ju juu...

(Poema futurista)

Terra
Duas ôas diagonaladas d'azur baten no mar
Sobor do Atlántico a diástole imensa da raza
Vapor en todol-os motores do mundo
Añudadol-os nosos nervios á todol-os flos eléctricos
Terra.
A Cruña fita as brétemas d'Irlanda
Vigo os raña-ceos de Noua York
GALICIA FOR EVER
CRUÑA
Puntos de tensión máxima da vida
VIGO
Terra.
Nudo de todol-os flos
enfiando todal-as vilas do mundo
Todal-as sirenas a un tempo a sonar
Três pintadas de sol furando a terra.
no cabo de todol-os paralelos
Terra
As flechas das arelas solagadas da Atlántida
Nas nosas espadañas
onde repican ô bautizo dos séculos novos
Antenas pra radiografial-os nosos himnos ás estrelas
Terra
Folgos de millós de peitos
Mañan
Brinco de todal-as vontades
Estralar de todol-os miolos
Terra
N. S. E. W.
Terra
Chuvia d'estrelas
Alborada
Lóstrego
Rayos X
Profecía
Terra
O ceo rachou d'arriba abaixo
Terra
HIP HIP HIP
HURRA

VICENTE RISCO
Xaneiro, 1920.

CUBISMO 2

GIRÁNDULA

Una constelación pluricolor
Un sol de repetición eterna
la ciudad y el mar copulados
El ventilador pirotécnico multiplica sus aspas deshilachadas.
Los cohetes braman sirenas sobre
10.000 proyectiles por minuto
y el riñera tapiza el cielo estival.

(Guillermo de Torre)

3 DADAÍSMO

SEN TÍTULO

Pigmalión caricias escada serviço
o ouro e a esmola da dita Picadilly
parisienses cegos
dous e dous son sesenta e nove
a borracheira Sandovisch Armenonville
retóca-se empoando o seu entojo
que beia e a chouza de pérolas
instinto de ollos parvos
e todo o mundo sofás Tiziano
Clemenceau adora a sua imagen
o espartillo esqueleto camiña ás apalpadellas.

(trad. de Francesc Picabia)

4

La cravate et la montre

Fig. 5. Guillaume Apollinaire

HILOZOÍSMO

Midi le juste y compose de feux.
La mer, la mer toujours recommencée!
Paul Valery, Cemitière marin

Sol-Por

Acorado e roibo
durmíase o día
coa testa deitada
no colo da ría.

As campás beatas
no ceo bulían
rezando rosarios
á Virxen María.

Bogando nas nubens
cara o ceo ían
envoltas nos ouros
do sol que morría.

Polo mar, as velas
eran folerpiñas,
que da lúa aberta
nas ágoas caíran.

Da beira do río
chegaban cantigas
choutando nas leiras
molladas de risas.

Preto do hourizonte
estrelas obrizas
frotaban os ollos
tirando a preguiza.

E bicando os lonxes
as foulas ispidas
ó alén nevaban
de limpas surrisas.

Un outo aturuxo
voando fuxía.
E os bosques lonxanos
noite revertían.

Proel,1927, **AMADO CARBALLO**

Pontevedra

(Século XIX)

Pontevedra é boa vila
dá de beber á quen pasa
a fonte na Ferrería
San Bartolomeu na praza.

No dondo colo do vento
quedous'a choiva durmida.
Lonxe as casas da cibdade
baixan á beber na ría.
Dos beizos escoa a copra
Pontevedra é boa vila.

Cand'o sol cae nas pedras
pescudando un grolo d'agoa
a sombrilla abren os árbores
par'o paxaro ximnasta.
Fervendo luz de lua fresca
dá de beber á quen pasa.

Choutando pol-os clocheles,
entrou o Corpus na vila.
Chora esquencida na rua
a gaita recen nacida.
O ceo vai com'un foguete
a fonte na Ferrería.

Trema no berce da tarde
a vella voz das guitarras
Ô pé da rexa amorosa
veu morrer o toque d'Animas
que bota a pastar nas nubens
San Bartolomeu na praza.

O galo, **AMADO CARBALLO**

¡GOAL !
Polo field do ceo mareiro
vai esbaratando o sol,
e horizonte, mal porteiro,
non pode parar o goal

DOMINGO
Con mantelo de silveiras
e parolando coa brisa,
todas as mañás domingueiras
sube a corredoira á misa.

BLANCO AMOR,
Romances Galegos, 1928

Riandiño, Iograr

Amigas, quando vier
meu amigo demandar
por mi, que vaia veer
se estarey ante o altar
de Santa Comba, ú m´el viu
o día que se partiu.

Quando quiser meu amigo
amigas, fillar perfía
por trebellar ora migo,
nembrádelli a romaría
de Santa Comba, ú [m´el viu]
o día que se partiu.

Amigas, digades quando
ora vos él perguntar,
veja se estarey chorando
dos olhos ante o al[tar]
de Santa Comba, ú [m´el viu]
o día que se partiu.

Xosé Mª. Álvarez Blázquez
Cancioneiro de Monfero, 1953

GÁNDARA

N-aquel biduído dos bidos louzanos
o páxaro Sol non pía seus raios,
e morre de amor.

N-aquel biduído dos lanzales bidos
o páxaro Sol non criba seus píos
e morre de amor.

Non criba seus ritmos, non pousa seus raios
e albean de frío os albres delgados
e morren de amor.

¡Non ceiba seus raios, non tece seus fíos
e albres e mámoas albean de frío
ca poldra que morde no mato cativo.

Fermín Bouza-Brey, *Nao senlleira,* 1932.

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quen puidera namorala!

Canta ao luar e ao mencer
en frauta de verde olivo.
Quen puidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quen puidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
e andar primeiro de río.
Quen puidera namorala,
meu amigo!

Álvaro Cunqueiro
Cantiga nova que se chama riveira
1933

ELA I EL. POEMA 1

A casa tiña a faciana desdobrada polos seus mesmos teitos
e ninguén dos dous sabía como comezar a romper o encaixe
das fendas das paredes.

Ela andaba núa polos aramios das lámparas.
El tiña un cóbado descolgado do seu lado ezquerdo
e un feixe de habitacións estreitas rubíalle até os ollos.

Tampouco ningún sabía como adormecer as exactitudes
da luz
i era o día cabal da invención dun pequeno amor
nunha escaleira de caracol.

Poemas do Si e do Non, 1933
Álvaro Cunqueiro

CELSO EMILIO FERREIRO

O pan é máis útil que a poesía, pro ¿como comer o pan sen o compango da poesía?. A.S.

Cando quero vivir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando semento a espranza.
Digo Moraima
e ponse azul a alba.

Cando quero soñar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a noite é pechada.
Digo Moraima
e ponse a luz en marcha.

Cando quero chorar
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a anguria me abafa.
Digo Moraima
e ponse a mar en calma.

Cando quero surrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é crara.
Digo Moraima
e ponse a tarde mansa.

Cando quero morrer
non digo nada.
E mátame o silencio
de non dicir Moraima

XANEIRO 1972, II

O MEDO

Cando o corvo da noite se pousaba
nas derradeitas luces do solpor,
os meus ollos de neno
enchíanse de bágoas e de lóstregos.

O vento que fungaba nas vereas
era un home langrán envolto en brétema
cun fol ó lombo pra levar meniños.

Os albres semellaban
pantasmas de cabalos desbocados
agallopando os eidos.

Un medo que me viña das
raíces do mundo
tremíame no sangue.

Pasaba o xornaleiro asubiando
con dous luceiros prendidos na eixada,
i eu tiña medo.

Pasaba o cazador
con bafexantes cans
arrecendendo a toxos e carqueixas
i eu tiña medo.

Pasaban de ruada os fortes mozos
que voltaran da guerra tan contentes,
i eu tiña medo.

Ao pasar ó meu lado e verme os ollos,
alporizados, pasmos, decíanme:
“Non teñas medo”,
i eu tiña medo

Soio cando chegaba ós meus ouvidos
a doce voz de mel da miña vella,
xa non tiña medo.

Agora non comprendo
como aquil ser cativo,
aquela vella nena tan endébel,
(nos eus ollos azures
había luces de amenceres novos)
podía escorrentar tan grande medo.
(*O soño sulagado*, 1955)

MENSAXE DESDE O SILENCIO

Ti ben sabes, amigo, o gran segredo
dise tempo que pasa e que nos moe
cun rodicio de sombras,
sin mañá e sin onte.

Nas nosas maus de lama nada queda,
todo se nos desfai, todo nos foxe
coma o vento que brúa,
como a iauga que corre.

Non somos máis que cousas
con diferentes nomes:
camiño, verme, folla,
estrela, arbre, home.

Cousas
que o tempo ha de pór podres.
E namentras tanto
de ningures pra lonxe,
igoal que toupas imos cegamente
furando o longo túnel dunha noite
que endexamais ten fin; sempre furando
sin máis norte que a morte.

Preguntas e preguntas e preguntas,
decote a preguntar. Ninguén responde.
(*O soño sulagado*, 1955,Celso Emilio Ferreiro)

POEMA NUCLEAR

¡Que ben, que a bomba vén co seu rebombio!
A bomba, ¡bong!, a bomba, bon amigo.
A bomba con aramios, con formigas,
con fornos para asar meniños loiros.
A bomba ten lombrices, bombardinos,
vermes de luz, bombillas fluorescentes,
peixes de chumbo, vómitos, anémonas,
estrelas de plutonio plutocrático,
esterco de cobalto hidroxenado,
martelos, ferraduras, matarratos.

A bomba, bong. A bomba, bon amigo.
Con átomos que estoupan en cadeia
e creban as cadeias que nos atan:

Os outos edificios.
Os outos funcionarios.
Os outos fiñanceiros.
Os outos ideais.
¡Todo será borralla radioaitiva!

As estúpidas nais que pairen fillos
polvo serán, mais polvo namorado..

Os estúpidos pais, as prostitutas,
as grandes damas da beneficencia,
magnates e mangantes, grandes cruces,
altezas, excelencias, eminencias,
cabaleiros cubertos, descubertos,
nada serán meu ben, si a bomba vén,
nada o amor, e nada a morte morta
con bendiciós e plenas indulxencias.

¡Que ben, que a bomba vén! Nun instantiño
a amable primavera faise cinza
de vagos isotopos placentarios,
de letales surrisas derretidas
baixo un arco de átomos triunfaes.

A bomba, ¡bong! A bomba co seu bombo
de setas e volutas abombadas,
axiña vén, vela aí vén, bon amigo.

Estanos ben! ¡Está ben! ¡Está bon!

¡¡¡booong!!! *O soño sulagado*, 1955

MONÓLOGO DO VELLO TRABALLADOR

Agora tomo o sol. Pero até agora
traballei cincoenta anos sin sosego.
Comín o pan suando día a día
nun labourar arreo.
Gastei o tempo co xornal dos sábados,
pasou a primavera, veu o inverno.
Dinlle ao patrón a frol do meu esforzo
i a miña mocedade. Nada teño.
O patrón está rico á miña conta,
eu, á súa, estou vello.
Ben pensado o patrón todo mo debe.
Eu non lle debo
nin xiquera iste sol que agora tomo.

Mentras o tomo, espero.

*Longa noite de pedra,*1962

sos do lobo

COUSOS do lobo!
Cavorcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d´ir!

O lobo! Os ollos o lombo do lobo!

Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairas dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca de vagoada máis sola e máis medosa...

Rastrexa
párase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula
ca noite na boca...

(**Uxío Novoneira**, *Os eidos,* 1955)

LETANÍA DE GALICIA

De tanto calar xa falo eu só

GALICIA digo eu un di *GALICIA*
GALICIA decimos todos *GALICIA*
hast´os que calan din *GALICIA*
e saben *sabemos*

GALICIA da door chora *á forza*
GALICIA da tristura triste *á forza*
GALICIA do silencio calada *á forza*
GALICIA da fame emigrante *á forza*
GALICIA vendada cega *á forza*
GALICIA tapeada xorda *á forza*
GALICIA atrelada queda *á forza*

libre pra servir *libre pra servir*
libre pra non ser *libre pra non ser*
libre pra morrer *libre pra morrer*
libre pra fuxir *libre pra fuxir*

GALICIA labrega *GALICIA nosa*
GALICIA mariñeira *GALICIA nosa*
GALICIA obreira *GALICIA nosa*

GALICIA irmandiña *GALICIA viva inda*

recóllote da TERRA *estás mui fonda*
recóllote do PUEBLO *estás nil toda*
recóllote da HISTORIA *estás borrosa*

recóllote i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que fala o pueblo
recóllote prós novos que vein con forza
prós que inda non marcou a malla d´argola
prós que saben que ti podes ser outra cousa
prós que saben que o home pode ser outra cousa

sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa

/a parte en cursiva diraa o coro/
1968

Uxío Novoneira

Enterro do neno probe

Punteiros de gaita
acompañábano.
O pai, de negro;
no mar, unha vela
branca.
Os amiguiños levábano.
Non pesaba nada.

Abaixo o mar;
o camiño no aire
da mañá.
Il iba de camisa
limpa
e zoquiñas brancas.

Os amiguiños levábano.
Non pesaba nada.

(**Luís Pimentel**, *Sombra do aire na herba*, 1959)

PENÉLOPE

UN PASO adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol como unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!.

(**Nimbos**, 1961, Xosé María Díaz Castro)

BIOGRAFÍA

Hai un seixo branco
que marca o momento do teu nacemento
semellante a unha estrela
que alumease ao lonxe.

Hai unha pedriña
no noso calendario
que marca o mes i o ano
das túas mágoas.

Hai somentes unha cruz
no día quince do mes de Santiago
do mil oitocentos oitenta e cinco.

Ficamos axionllados.

Concerto de outono, Luz Pozo Garza
1981. (*verbas a Rosalía*)

ULISES
Homenaxe a Xosé María Díaz Castro
Un paso adiante e outro máis, Galicia,
e a tea dos teus soños xa se move.
A esperanza nos teus ollos faise circia.
Ara o tractor e chove

Un bruar de navíos moi lonxanos
estrolla o despertar como unha uva.
Xa non te envolves en sabas de mil anos,
nin en soños escoitas nunca a chuva.

Trouxeron xa os camiños cada día
a xente que levaron. Somos os mesmos.
Suco vai, suco vén, do río á ría
non volveremos xa pagar máis desmos.

Desorballando os prados coma sono
cruzaremos o espello con Alicia.
Enterraremos suco a suco o outono.
Un paso adiante e outro máis, Galicia

(Claudio Rodríguez Fer, **A loita continúa**, 2004)

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

Veleiquí a man alongada na
direución do tempo e os ollos reptando como
un río que escorre en folgados
anuncios da final derrota no
mar e veleiquí a man concentrada de
sempre, cerciorando a condición imposible
de cada cousa e veleiquí os ollos que
capaces serían de pór ponto final á
direución do tempo e declaro formalmente que
cada intento de achega-la man -veleiquí
a man alongada cara ti e vós- afoga nas
toldadas augas dos vencidos meus
ollos, á espera dunha poboación máis fera
e leda e veleiquí o remate do
vivir, tantos e tantos anos retrasado.
(Con pólvora e magnolias, 1976)

Saudemos a morte;
na palma da man non sosteñamos ónices.

Chamémoslle:
libro de silencio,
pórtico terminal da escravitude,
escritura feliz da opacidade,
luz que desata e nome da ledicia.

Saudemos á morte;
non deamos pousada a Bach ou Joplin.

Contemplemos
o seu fremoso rostro á nosa beira.
(Con pólvora e magnolias, 1976)

Xosé Luís Méndez Ferrín

Confucio atravesouse antre os dentes de Mao
e dixo con Heráclito, meu señor: “asín pasan
tódalas cousas”. Locen os alciprestes naquel
serán das mil frores compostelanas de nadal.
Súpeto, o vento virou, e trouxo ise ondear de nubes cegas
encol da Serra de Outes, por acaso.
Quero pór á final da miña historia
-con paquebotes, luces fuxidías-
un longo Confucio contemplando o devalar do Novo
Neira polos Caneiros de noutrora.

O conxunto dos lúcidos meus mestres
me xulgue, unha vez que os febrentos despoxos
señan entregues á terrra. Señan eles xenerosos:
seipan que eu tiña horror do tránsito do tempo,
que amor era espanto do tempo non detido
e que lle fun fiel aos decorridos
da iauga cnfuciana, irrepetible,
coma o can de palleiro é fiel ao amo.
(Con pólvora e magnolias, 1976)

---

sermos ferrocarril é cousa fácil a carón do cabezal
todos os días o sudario e nicho do violín stradivarius
after pinga pinga
todos os días o estúpido día mundial del subnormal
ayúdanos y te ayudarás
se lle tiramos unha foto a un cadavre e sae movida
quén ten a culpa
o fotógrafo ou o cadavre
se observamos unha mancha de gas oil no mar e pronunciamos
negra sombra que me asombra
quén pulsa o botón ring ring do incesto
revival
gabardina do lóstrego

(Antón Reixa, *As ladillas do travesti*, Rompente, 1979)

BANDO

Prohíbese por orde da Alcaldía,
que medren poque si
as rosas do xardín municipal.
Dende agora as pombas teñen
que pedir licencia para voar.
Prohíbeselle á lúa
andar ceiba de noite polo ceo.
A lúa é unha tola que anda espida
dando mal exemplo ás nenas castas
e aos fillos de boa familia.
Pagarán trabucos os poetas.
Prohíbese soñar de 10 a 11.
Prohíbese tamén derramar bágoas.
Pódese chorar tan só cando hai sequía
para que non fiquen valdeiros os pantanos.
Un só se pode emocionar
os Xoves e Domingos
cando toca
a Banda do Concello no quiosco.
Están fóra de Lei
as estrelas, a Primavera,
as flores e os paxaros.
Dáse este bando en tal e cual
para que se cumpra
de orde do Alcalde.
Firmado e rubricado.
(*Documentos personais*, **Manuel María**)

Hai nas cidades
unha tristeza de domingo,
unha luz de aceiro
caendo polas rúas,
unha espera nas esquinas
e na cola dos cines,
unha preguiza da mañá
que perdura nas pálpebras
do día, esas parellas de apertas
comedidas e de boca triste,
toda esa xente de domingo
con cara posta
e traxe de domingo,
e eu entre tantos,
estreando hoxe a fea
tristeza dos domingos.

Pilar Cibreiro

A NARRATIVA

1.- Autor e narrador.

1.1.- Autor: persoa real que escribe a narración.

1.2.- Narrador: voz que cumpre a función de **describir** o espazo, o desenvolvemento do tempo, as personaxes da novela e a súa acción. Non podemos identificalo co autor (só nas autobiografías).

1.3.- Autor implícito: voz que desde dentro do discurso novelístico transmite mensaxes para a recta interpretación da novela, adianta peculiaridades do discurso, dá informacións complementarias -xeralmente de tipo erudito- e incluso transmite contidos de evidente ideoloxía. Por iso tende a confundirse co autor, do que debe ser distinguido, por ser un ente literario (como moito, poderíamos consideralo como o seu reflexo na obra). Normalmente "superponse" ao narrador.

2.- Punto de vista (perspectiva, focalización)

2.1.- Narrador heterodiexético (*hetero*=diferente; *diexese*=historia) é o que relata unha historia desde fóra sen participar nela como personaxe nin como testemuña.

2.1.1.- Narrador omnisciente é aquel que o sabe todo sobre os personaxes, mesmo o que pensan en cada momento. É como un deus que dirixe a obra e coñece todo. Aparece na novela tradicional.

2.1.2.- Narrador con omnisciencia selectiva é aquel que coñece unicamente os aspectos perceptíbeis desde a perspectiva dun personaxe .

2.2.- Narrador homodiexético é o que participa na historia como personaxe ou testemuña dos feitos.

2.2.1.- Narrador testemuña é aquel que presenciou os feitos, que só narra o que viu, escoitou. Sabe o mesmo que os personaxes, non coñece con anticipación nada do que vai vir…

2.2.2.- Narrador protagonista: un **eu** protagonista conta a historia coa bagaxe exclusiva dos seus propios coñecementos e informacións. Tamén recibe o nome de narrador autodiexético.

3.- A persoa narrativa.

3.1.- O máis común é a narración en **terceira persoa** (distanciadora). Xeralmente é a persoa adoptada polo narrador heterodiexético, tradicional.

3.2.- A **primeira persoa** é escollida xeralmente polo narrador protagonista, autodiexético.

3.3.- Na narrativa moderna, do século XX, tamén se bota man do narrador en **segunda persoa** (por ex. a NNG).

4.- A voz dos personaxes.

4.1.- Discurso directo: o narrador cédelle directamente a voz ao personaxe. Son polo tanto os diálogos da novela.

4.2.- Discurso indirecto: non se oe a voz do personaxe, é o narrador quen nola transmite coas súas propias palabras.

4.3.- Monólogo interior ou fluxo de conciencia: transcríbense directamente, en 1ª persoa (sen intervención do narrador) os pensamentos máis íntimos e desordenados da personaxe.

4.4.- Discurso indirecto libre: é unha mestura, un híbrido no que a voz do personaxe penetra na estrutura formal do discurso. Introduce o pensamento dos personaxes sen que o narrador abandone a súa tutela nin a 3ª persoa. Como marcas lingüísticas ten o uso do imperfecto de indicativo, a reconversión da persoa "eu" na persoa "el", a afectividade expresiva proporcionada por exclamacións, interrogacións…, así como a ausencia introdutoria dos VERBA DICENDI.

5.- Os modos do discurso.

5.1. Narración: é o discurso que representa sucesos e accións, procesos que se desenvolven no tempo.

5.2. Descrición: é o discurso que representa espazos, personaxes ou obxectos, sen transcurso temporal, que queda suspendido.

5.3. Diálogo: a voz directa dos personaxes.

6.- O tempo.

6.1.- Tempo da produción: cando o autor escribe a obra.

6.2.- Tempo da Historia: o tempo no que aconteceu a historia que se conta.

6.3.- Tempo do Discurso: a organización, dentro da narración, do tempo da historia, da cronoloxía.

Cando o tempo do discurso coincide co da historia, estamos diante dun **tempo lineal**, que é o máis común nas novelas tradicionais.

A **ruptura da linearidade temporal** pódese conseguir con: retrospección, analepse ou "flash-back"; anticipación ou prolepse; atemporalidade ou ucronía; pausas descritivas; historias intercaladas…

7. O espazo.

7.1. Referencial, serve de pano de fondo para a interrelación dos personaxes. Pode ser **real** ou **ficticio**.

7.2. Simbólico: hai unha interrelación entre a paisaxe e a actuación ou os sentimentos das personaxes.

Tamén está condicionado polo carácter e a estrutura do relato: na novela de aventuras adoitan ser diversos e exteriores, na novela psicolóxica único e monótono, xeralmente interior…

8.- Personaxes.

8.1.- Personaxes planos. Responden a uns trazos básicos, facilmente recoñecibles e sen evolución na narración.

8. 2.- Personaxes redondos. Están máis caracterizados, son complexos como as persoas reais; mesmo contraditorios.

O narrador pódenos presentar os personaxes de dous xeitos diferentes:

a) Caracterización directa. É a máis tradicional. Móstranse as características físicas e psíquicas directamente, normalmente en secuencias descritivas (por parte do narrador, da propia personaxe ou de outra personaxe).

b) Caracterización indirecta. É a máis común na narrativa contemporánea. Non se describen os personaxes, senón que os coñecemos polos seus actos, conflitos, opinións, etc.

1.1.- CASTELAO. **Cousas** (1926-1929)

Chegou das Américas un home rico e trouxo un negriño cubano, coma quen trai unha mona, un papagaio, un fonógrafo...

O negriño foi medrando na aldea, onde deprendeu a falar con enxebreza, a puntear muiñeiras, a botar aturuxos abrouxadores.

Un día morreu o home rico e Panchito trocou de amo para gañar o pan. Co tempo fíxose mozo comprido, sen máis chatas que a súa cor... Aínda que era negro coma o pote, tiña gracia dabondo para facerse querer de todos. Endomingado, con un caravel enriba da orella e unha ponla de malva na chaqueta, parecía talmente un mozo das festas.

Unha noite de estrelas xurdeu no seu maxín a idea de saír polo mundo á cata de riquezas. Tamén Panchito sinteu, como todos os mozos da aldea, os anceios de emigrar. E unha mañán de moita tristura gabeou polas escaleiras dun trasatlántico.

Panchito ía camiño da Habana e os seus ollos mollados e brillantes esculcaban no mar as terras deixadas pola popa.

Nunha rúa da Habana o negro Panchito tropezou cun home da súa aldea e confesoulle saloucando:

-Ai, eu non me afago nesta terra de tanto sol; eu non me afago con esta xente. ¡Eu morro!

Panchito retornou á aldea. Chegou probe e endeble; pero trouxo moita fartura no corazón. Tamén trouxo un sombreiro de palla e máis un traxe branco.



1.2- CASTELAO. **Cousas** (1926-1929)

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os americanos xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato, ou aínda mellor portado, e Migueliño sinteu por el un grande amor e canto máis se achegaba o americano, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai, o americano pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de querelo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballe que aquel era seu pai. O rapaz debecíase por bicalo a fartar. ¡Tiña un porte de tanto señoríO!. Ai, o americano pasou de largo e nin tan sequera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria fíxose cargo de que un home estaba abrazado a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

Castelao, *Cousas*.

1.3 CASTELAO. **Cousas** (1926-1929)

Se eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeá. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ó redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío e enxoitan os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgraza. O pranto debe ter unha graza choqueira, para que estoupen de risa os do *patio de butacas*.

E cando se farten de rir os señoritos baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ó seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto e enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi a modiño.

2.- RAMÓN OTERO PEDRAYO**: As onzas**, 1926, Nós

A tertulia estaba ben animada. De cando en cando ouvíase un decorrer de ferrollos, ladraba o can e entraba na sala un novo personaxe en compaña do frío vento marzal. Xa estaban dende cedo as escribás, nai e filla, ocupando o mellor sitio rente á cheminea (o escribán restaba na casa chorando a luz que lle facía gastar aquel endiañado preito de Oseira). O crego sentado coma sempre no grande arcaz labrado, atufaba de rapé as nocas peludas e deixaba ver as polainas de guerra baixo o balandrán verdecente. O fidalgo esguío das Quintás quizais soñaba cos tempos da estudantina, cando en Sant-Iago era admitido nos salóns e podía ler libremente daqueles libros que viñan de Francia. Que mal fixera en non demorar na vila, ¡el home feito para as luces do século e non para esmorecer na aldea *lonxana*, deitado como un can ó pé dun morgado e dun crego noxento e tiránico! Mais aquela casiña brasonada, aquelas parras e a nai velliña trouxérano ó tristeiro estado de fidalgote cazador de coellos e farto de cuncas de caldo.

Tamén asistían as primas de Ourense e por suposto as fillas do morgado. Pequenas, fracas, dun raro e lucente ollar, andaban de aquí para alí bufando xordamente entre elas e sen facer apenas caso da pobre nai medio parva, Misia Xacinta, que sentada nun sillón e envolta en cobertores só se alegraba unha miguiña cando as moedas lucían e soaban na mesa. Os fillos, ¿ulos? Tabernas e feiras había dabondo no país. Como non estivera algún coa testa rachada nas lousas do camiño das malas mulleres.

O morgado, o dono do grande pazo, sentíase triste aquela noite. De ordinario era de poucas falas. Naqueles seráns xa longos, pasaba o tempo alancando polo corredor de pedra. Nin lía os vellos libros da biblioteca, nin cazaba, nin a penas se entendía cos paisanos. Un bimbastro de home, xa vellote que só se lle quentaba o sangue á vista dunha boa moza.

Os derradeiros en chegar foron o capitán e a súa muller. Ela era o elemento dinámico daquela tertulia de pantasmas. Ela inda nova, sempre disposta e faladeira, andaba na angueira de erguer o patrimonio familiar (casiña e viñas, na ribeira outra casa, lameiros, touzas e rendas na parroquia do Chao) botado a desbarate polas toladas do pai, un vello aínda vedraño, amigo das mozas e do viño. O home, un militar liberal de vivo xenio, viñera había pouco do Norte onde se vira por fronte dos osos navarros de don Tomás e coñecera as noites de marcha polos penedos vascos, as loitas moi de mañá entre a neboeira e *sirimiri* e o cariz do inimigo das aldeíñas carlistas do corazón. Viñera desterrado porque o seu xenio, demasiado franco e destemido, non se contiña diante das parvadas estratéxicas dos xenerais da raíña. Vivo e ledo, sempre tiña un ollar de desafío para a sorna-morna do abade.

Sentáronse e comezou a xogueta. O grande velón botaba unha luz pálida de lámpada de estudio sobre o fato de cabezas atentas ó correr das cartas. A señora fixaba na mesa o seu ollar abobado. O morgado non xogaba. Triste e baleiro de pensamentos, paseaba pola grande sala e a cada volta perdíase na escuridade facendo renxer as vellas táboas do piso.

De súpeto parouse e sentiu un arrepío de medo: na despensa onde se gardaba a louza, xurdira unha nota cristalina, soa, temerosa na noite, unha pinga de psalterio de dúas copas que se tocaban. O morgado pensou: “ É un aviso”. E quedou sen enerxía, disposto para a desgraza que sen dúbida aletexaba polos arredores do pazo naquela fría noite de marzal.

Nas verbas dos xogadores, no estralar do lume, no ar que viña polas fendas das madeiras, non había nada de particular. Só a espera dalgunha cousa.

Salaiou o grande portón da muralla e os ollos mortos do pai miraron o fillo máis vello entrar pola sala: cativo, torto, enrugado, de ollos baixos, non parecía levar o sangue dunha caste fidalga. Era o herdeiro. Á morte do pai non se porían marcos nos eidos. Os irmáns pequenos terían que vivir case da súa esmola. Respectado e temido pola súa torta intención, tiña sona nas festas e nos fiadeiros de tódalas parroquias veciñas.

Aquela noite estaba máis pálido; as súas mans finas luciron na mesa botando as cartas con mestría. O xogo creceu coa súa presenza; houbo emoción nos vellos e interese no capitán, ata entón soamente cortés. De súpeto, fíxose un grande silencio e abateuse unha sombra nos rostros cando o herdeiro pousou na mesa, unha tras doutra as sete onzas de Carolus III.

Rematada de présa a tertulia, o pensamento de todos falou pola franca boca da muller do capitán. Era veciña de sempre e estimaba a xente do pazo. O herdeiro tiña a súa mesma idade. Colleuno a un lado:

-“Ti fixeches algo malo”, dixo tremendo e angustiada.

Un falso sorrir latexou nos beizos do mozo. Os veciños fóronse axiña para as súas casas. Fechouse o portón e acugulouse o silencio nas salas do pazo. A nai tolleita e parva tiña ollos de espanto.

A noite longa e fría foi percorrida por grandes ventos ouveantes. Ó romper o día, a dúas leguas do pazo, as primeiras vellas que correron á misa atoparon o gandeiro morto no camiño fondo onde inda reinaba a noite. Ferido en loita franca ó voltar da feira, fora rematado por man aristocrática polo prezo dunha xugada de bois.

3.-**Rafael Dieste:** *Dos arquivos do trasno*. 1926

Foi preto do camposanto cando eu sentín buligar dentro da caixa ó pobre Bieito.(Dos catro levadores do cadaleito eu era un). Sentino ou foi aprensión miña? Entón no podería aseguralo. Foi un rebulir tan maiño…! Como a teimosa puvulla que rila, rila na noite, rila de entón no meu maxín afervoado aquel mainiño rebulir.

Pero é que eu, meus amigos, non tiña seguranza, e polo tanto — comprendede, escoitade — polo tanto non podía, non debía dicir nada. Imaxinade nun intre que eu dixese:

– O Bieito vai vivo.

Tódalas testas dos velliños que portaban cirios ergueríanse nun babeco aglaio. Tódolos pícaros que viñan estendendo a palma da man baixo o pingotear da cera virían en remuíño arredor meu. Apiñocaríanse as mulleres a carón do cadaleito. Escorregaría por tódolos beizos un murmurar sobrecolleito, insólito:

– O Bieito vai vivo, o Bieito vai vivo…!

Calaría o lamento da nai e das irmáns, e axiña tamén, descompasándose a gravedosa marcha que planxía nos bronces da charanga. E eu sería o gran revelador, o salvador, eixo de tódolos asombros e de tódalas gratitudes. E o sol na miña face cobraría unha importancia imprevista.

Ah ! E se entón, ao ser aberto o cadaleito, a miña sospeita resultara falsa? Todo aquel magno asombro viríase inconmensurable e macabro ridículo. Toda a arelante gratitude da nai e das irmán, tornaríase despeito. O martelo espetando de novo a caixa tería un son sinistro e único na tarde estantía. Comprendedes? Por iso non dixen nada.

Houbo un intre no que pola face dun dos compañeiros de fúnebre carga pasou a insinuación leviá dun sobresalto, coma se el estivese a sentir tamén o velaíño buligar. Mais non foi máis que un lampo. De seguida ficou sereno. Eu non dixen nada.

Houbo un intre en que case me decidín. Dirixinme ao da miña banda e, acobexando a pregunta nun sorriso de retrouso, deslicei:

– E se o Bieito fose vivo?

O outro riu picaramente coma quen di: “Que ocorrencias temos”, e eu amplifiquei o meu falso sorriso de retrouso.

Tamén me vin a rentes de dicilo no camposanto cando xa pousaramos a caixa e o crego requeneaba.

– “Cando o crego remate” pensei. Mais o crego acabou e a caixa desceu á cova sen que eu puidese dicir nada.

Cando o primeiro cadullo de terra, bicado por un neno, petou dentro da cova nas táboas do ataúde, rubíronme ata a gorxa as verbas salvadoras…. Estiveron a punto de xurdiren. Mais entón acudiu novamente ao meu maxín a case seguranza do arrepiante ridículo, da rabia da familia defraudada, se o Bieito se topaba morto e ben morto. Ademais o dicilo tan tarde acrecía o absurdo desorbitante. Como xustificar non o ter dito antes? Xa sei, xa sei, sempre se pode un explicar! Si, si, si todo o que queirades! Pois ben … ¿e se tivese morto despois, despois de o sentir eu remexerse, como quizais puidese adiviñase por algún sinal? Un crime, si, un crime o me ter calado. Oíde xa o rebumbio da xente….

– Pediu auxilio e non llo deron, malpocado….!

–El sentía chorar, quíxose erguer e non puido….

–Morreu de espanto, saltoulle o corazón ao se sentir descer na cova…

–Velaí o tendes, coa cara torta do esforzo!

–E ese que o sabía, tan campante, aí a sorrir coma un pallaso!

–É parvo ou qué?

Todo o día, meus amigos, andei tolo de remorsos. Vía ó probe Bieito grafiñando nas táboas nese espanto absoluto, máis alá de todo consolo e de toda conformidade, dos enterrados en vida. Chegoume a parecer que todos lían nos meus ollos adurmiñados e lonxanos a obsesión do delito.

E alá pola noite - non o puiden evitar - funme camiño do camposanto, coa solapa erguida, ao arrimo dos muros.

Cheguei. O cerco por unha banda era baixiño: unhas pedras mal postas, apreixadas por hedras e silveiras. Paseino e fun dereito ao sitio…. Deiteime no chan, apliquei a orella, e axiña o que oín xeoume o sangue. No seo da terra unhas unllas desesperadas rabuñaban nas táboas. Rabuñaban? Non o sei, non o sei. Alí preto había un sacho… Ía xa cara a el cando fiquei suspenso. Polo camiño que pasa a rentes do camposanto sentíanse pasadas e rumor de fala. Viña xente. Entón si que sería absurda, tola, a miña presenza alí, daquelas horas e cun sacho na man.

Ía dicir que o deixara enterrar sabendo que estaba vivo?

E fuxín coa solapa erguida, pegándome ós muros. A lúa era chea e os cans latricaban lonxe.

RAFAEL DIESTE: **Dos arquivos do trasno** (1926).

O neno suicida

Cando o taberneiro rematou de ler aquela nova inquedante -un neno suicidárase pegándose un tiro na sen dereita- falou o vagamundo descoñecido que acababa de xantar moi probemente nun curruncho da tasca mariñeira, e dixo:

-Eu sei a hestoria dise neno.

Pronunciou a palabra neno dun xeito moi particular. Así foi que os catro bebedores de augardente, os cinco de albariño e o taberneiro calaron e escoitaron con xesto inquiridor e atento.

-Eu sei a hestoria dise neno -repiteu o vagamundo-. E, tras dunha solerte e ben medida pausa, escomenzou:

-Alá polo mil oitocentos trinta, unha beata que despois morreu de medo veu saír do camposanto frolido e recendente da súa aldea a un vello moi vello en coiro. Aquel vello era un recén nascido. Denantes de saír do ventre da terra nai escolleu il mesmo ise xeito de nacencia. ¡Canto millor ir de vello pra mozo que de mozo pra vello!, pensou sendo espírito puro. A Noso Señor chocoulle a idea. ¿Por que non fague-la proba? Así foi que, co seu consentimento, formouse no seo da terra un esquelete. E despois, con carne de verme, fíxose a carne do home e na carne do home aformigou o caloriño do sangue. E como todo estaba listo, a terra-nai pariu. Pariu un vello en coiro.

De como despois o vello topou roupa e mantenza é cousa de moita risa. Chegou ás portas da cidade e como aínda non sabía falar, os ministros, despois de lle botaren unha capa enriba, levárono a diante do xuíz, dicindo como se tivesen sido testigos: Aquí lle traguemos a iste probe vello que perdeu a fala coa tunda que lle deron uns ladróns mal entrañados. Nin roupa lle deixaron.

O xuíz dou ordes e o vello foi levado a un hospital. Cando saíu, xa ben vestido e mantido, dicíanlle as monxiñas: Vai feito un bo mozo. Ata parés que perdeu anos.

Daquela xa deprendera a falar algo e fíxose esmoleiro. Así andou moitas terras. Alá en Lourdes estivo dúas veces; da segunda tan amozado que, os que o coñeceran da primeira, coidaron que fora milagre da Virxe.

Cando adequiriu experiencia dabondo pensou que o millor era manter secreta aquela estraña condición que o faguía máis mozo cantos máis anos corresen. Así, nono sabendo ninguén -non sendo un ou dous amigos fieles- podería vivir millor a súa verdadeira vida.

Traballou de vello e fíxose rico pra folgar de mozo. Dos cincuenta aos quince anos a súa vida foi a máis felís que se pode maxinar. Cada día gustaba máis ás mozas e andou enliado con moitas e coas máis bonitas, E ata dis que unha princesiña... Pero diso non estou certo.

Cando chegou a neno escomezou a vida a se lle ensarillar. Dáballe medo a sorpresa con que o vían entrar tan ceibo nas tendas a mercar lambetadas e xoguetes. Algún rateiro de visera calada teno seguido ao longo de moitas rúas tortas. E algunha vez ten comido as súas lambetadas a tremer de anguria, coas bágoas nos ollos e o almibre nos beizos. A derradeira ves que o topei -tiña il oito anos- andaba moi triste. ¡Pesaban, endemais, tanto no seu espírito de neno os recordos da súa vellice!

Logo escomezou a lle escaravellar día e noite unha obsesión tremenda. Cando pasaran algúns anos recolleríano en calquera calexa estraviada. Quizais algunha señora rica e sen fillos. Despois... ¡Quen sabe o que pasaría despois! A lactancia, os paseos nun carriño, cunha sonalla de axóuxeres na manciña tenra. E ao remate... ¡Ou! O remate poñía espanto. Cumprir o seu sino de home que vive ao revés e refuxiarse no seo da señora rica -poida que cando ela durmise- pra ir alí devecendo deica se trocar primeiro nunha sambesuga e despois en arumia e logo en pequenísima semente...

O vagamundo ergueuse moi pensabundo, coas maus nos petos, e dou algúns paseíños todo amargurado. Ao cabo dixo:

-Esplícome, si, esplícome que se chimpase un tiro na sen o probe rapaz.

Os catro bebedores de augardente, crían. Os cinco de albariño, sorrían e dubidaban. O taberneiro negaba. Cando todos desortían máis enfervoadamente, o taberneiro ergueuse de súpeto nas puntas dos pés e púxose a mirar todo arredor cos ollos moi abertos. O vagamundo desaparecera sen pagar.

4.- ÁNXEL FOLE: **Á lus do candil** (1952).

Os lobos

Moitas veces ouvín decir que os lobos non atacan ás persoas. E isto non é certo. O segredario de Caldas foi comido por iles cando voltaba da feira de Viana. Algús dixeron que o mataran por arroubalo, e que despois o comeran os lobos; mais a douscentos metros de ondia o comeran foi atopado un lobo morto coa gorxa afuraiada por unha bala.

Aquiles días viran os pastores unha manada de dez cunha loba con tres lobecos. Era tempo de neve, e baixaran da serra da Moá. Ó parecer, despois de esgotados os cartuchos, quixo subirse a un albre, mais non puido. Alí estaba ó seu carón, o revólver con seis cartuchos baleiros no lombo. Era un bon revólver americano. Ó sentirse feridos algús lobos, todos se botaron enriba dil. Si tivera un bon foco eléutrico cecais se salvara. Ós lobos se non se lles fire de morte é pior. Eu matei un con dous tiros de postas. Foi morrer tres cantos máis aló de ondia o asegundara. Atináralle na testa e no fuciño, e iba deixando un regueiro de sangue. Arrincaba cos dentes os cañotos das xestas. Cecais non se me arrepuxo porque era de día.

De noite médralles o corazón e son moi valentes. Non vos riades. Tamén lles pasa iso ós lubicás. O señor cura de Peites tiña un. De noite íbase ó monte e chamaba ós lobos. Viñan con il. Din que abría os tarabelos das cuadras coma unha persoa. Unha noite velouno o señor cura. Era un gran cazador. Tiña un rifle de dez tiros que lle trouguera un sobriño de California. Meteulle dous tiros seguidos no entrecello ó galgar un pasadelo. O crego estaba na xanela da reitoral cun foco, i o lubicán voltaba do monte, polas tres da mañá, acompañado dos lobos. Abrírono i esfolárono axiña, e viron que tiña o corazón finchado...

¿Sabedes cando se estreven os lobos cos homes? Cando teñen moita fame, ou cando se decatan de que lles teñen medo. Por iso cáseque nunca atacan a tres ou máis xuntos. Cando se atopan un home soio pola serra, póñense a traballalo. Teñen moito *distinto*... Xa veredes coma o traballan. De primeiro, acompáñano; despois, póñenselle diante; máis tarde, chéganlle a zorrega-las pernas cos rabos... Asín, pouquiño a pouquiño. Vén un intre en que o home xa non pode máis. O medo alporízalle os cabelos. Parécelle que lle cravaran allambres na testa. Váiselle a voz, perde o sentido. Xa está perdido. Bótanse os lobos enriba dil i esnaquízano. Cada vinte anos ou menos, dáse por istas terras un caso dises. Desaparece un home. Crese que o mataron ou que fuxiu prás Américas. Ó cabo de dous ou tres anos ninguén fala dil. Un cazador atopa nunha xesteira unha calivera. ¿De que sería? Así lle aconteceu ó *Pastrán* de Vesuña fai moitos anos. Mais si o home non perde o coraxe non se atreven coíl.

Todos coñecedes coma min ó Emilio, o castrador de Rugando. Atendede ben e xa sabereis que é certo todo canto levo dito encol dos lobos. E vostedes tamén, señoritos...

Non habería rapaz coma il se non fora tan xogantín. Xogaba hastra a camisa. Unha vez, na cantina da Cruz, xogou a besta con tódolos arreos, e perdeuna. Tivo que andar a pé castrando ranchos dende Leixazós a Pacios, ou de Bustelo a Vilañán. Era home moi botado para diante, i o primeiro nas liortas.

Se non me trabuco, fora pola Santa Lucía cando lle aconteceu o que vos vou contar. Por ise tempo todos sabedes que non traballan os capadores. O bon do home adicábase á farra. Faguía pouco que se casara cunha moza de casa forte. Xa estaba en tratos cun xateiro da Hermida pra mercar un cabalo.

Queríano moito en tódolos sitios onde capaba ranchos, e convidábano sempre á mata. Aquil día xantara en Arnado. Xa se sabe coma son ises xantares da mata. Empezan ás doce, poño por caso, e rematan ás cinco. O fígado asado con aceite e pimento, os roxós i o raxo. Viño, nunca falta. Tempo de fartura. Xantara aquil día en cas do *Rulo*. Enchéranse de néboa os cavorcos. Non se vía un burro a tres pasos, dispensando...

O *Rulo* díxolle que pasara a noite na súa casa.

-Andan os lobos –adevertiulle- moi bastos. Con ista néboa tan mesta pódeste esfragar. Non che pase coma o Bieito da Corga cando iba pra Ferramolín, que se derrubou polo canto do Mazo e foi dar ó río. Alí quedou difunto cos cuadrís partidos por testalán, pois teimou coma ti por saír de Vilarbacú unha noite coma a de hoxe.

Mais o capador faguía pouco que se casara, coma vos dixen, e non houbo xeito de faguelo quedar. Nin tan siquera quixo levar algús fachucos de palla pra o camiño. E alá se foi o Rugando tan soio cunha cachaba de freixo i a súa navalla no peto pra se defendere. Gracias a Dios que coñecía ben o camiño. Xa levo dito que era home valente. Il mesmo mo contou en Santa Cubicia de Quiroga, na tasca do Avelino.

Polas primeiras horas todo foi ben. Non viu amosas de lobos por ningures. Parouse a acender un pitelo inantes de chegar á lindeira da devesa de Bonxa. Mais de alí a un pouquichiño ouviu patuxar nun trollo. Xa sabedes que é un terreo fondal ondia se encora a iauga. Unha miaxiña dispois ouviu un longo aulido. I outro lle respondeu da outra banda da valgada. Tamén sentiu unhas carreiriñas polos dous lados do camiño. Os lobos seguían chamándose os us ós outros. Por sorte pra il, había moitos seixos no camiño. Encheu tódolos petos de croios. Non me dixo que empezara a ter medo, mais eu coido que si...

Dous lobos grandismos fórono acompañando. Iban sempre de par dil, ás dúas maos. Cáseque parecían dous cas que foran con seu amo. Se il se paraba, tamén iles se paraban. Algunhas veces púñanselle diante. Entón, o capador guindáballes un coio. E batíalles. Os lobos desapartábanse. No máis fondal dunha congostra tivo que pasar un pontigo. Había esgotado as pedras que trouguera nos petos. Xa lle quedaban poucos fósforos. Do outro lado do pontigo viu unhas luces coma de vagalumes. Acendeu un fósforo. Non había pedras no camiño. Tivo que coller bulleiro coas maus e tirarllo ós lobos, ó mesmo tempo que berraba moi forte. Ergueuse un e deixouno pasar. Cecais foran seis. A todos lles relocían os ollos. Un diles botoulle os dentes á cachaba i arrincoulla da mao. Íbanse metendo nil cada vez máis. Hastra lle fustrigaban as pernas cos rabos. Acendeu, un tras outro, os tres fósforos que lle quedaban. Gracias a isto puido coller un coio. Atinoulle a un lobo no peito. Regañaban todos os dentes coma cando se van a botar sobor das ovellas. Xa sentía que se lle esmorecían os pulsos, que se iba quedando sen forcia. Os lobos seguían a chamarse us ós outros. Tremaba coma un vimbio. Xa non os podía escorrentar nin siquera berrar. Íballe a estoupar o corazón. Unhas cantas lancañadas máis e xa estaría na casa. ¿Podería dalas? De sutaque, viu tremelar unhas luces na tébrega; ladraban us cas ó lonxe. Meteu os dedos na boca i asubiou. Chamábano de lonxe. Estourou un tiro de escopeta.

-Anda *Rabelo*, anda *Sultán* ouviu que decían.

Diante il había tres fachucos de palla ardendo. Seus tres cuñados dábanlle fortes apertas.

-Andabámoste buscando –dixo un. Chegaron o *Sultán* i o *Rabelo* brincando ó seu redor e dando ouveos de ledicia.

Entraron na casa. As mulleres estaban na cociña. Na gran lareira había un bon lume.

-Traguédeme auga –dixo o capador.

E caíu estalicado no chan.

Todos se alporizaron. Houbo moitos berros e prantos. Máis de dúas horas estivo sen sentido. Levárono ó leito. A forcia de fretas volveulle o acordo.

-Se non salírades a buscarme tan soio se me atoparían os ósos. Xa non podía resistir máis –dixo o bon do home.

Pra que vexades como traballan os lobos á xente.

5.- ÁLVARO CUNQUEIRO: *Os outros feirantes* (1979).

Tristán García

Este Tristán do que conto nunca soupo por qué lle puxeran ese nome no sacramento do bautismo, nin conocía a ninguén que se chamase como el.

Un tío seu que traballaba como camareiro nun restaurante mui famoso de Lisboa, decíalle que en Portugal conocía a dous ou tres cabaleiros dese nome, e que todos eles eran mui ricos. Tristán foi cumplir o servicio militar a León, e alí un día, nun quiosco, mercou por dous reás "La verdadera historia de los amantes Tristán e Isolda", cos namorados mui abrazados na portada do folletín. Ao fin iba saber quén fora aquel Tristán cuio nome levaba. Cando chegou ao final da historia, coa morte de delambos namorados, Tristán García verqueu unhas bágoas. E dende aquela deu en matinar que andando el polo mundo atopaba a unha muller chamada Isolda, e gustábanse, e facíanse noivos, e casábanse, e vivían mui felices en Viana do Bolo, de onde Tristán era natural A todos os seus compañeiros do Reximento de Burgos 38, preguntáballes se por un casual habería no seu pobo unha rapaza que se chamase Isolda. Nona había. Había algunha Isolina solta, pro Isolina non era o mesmo que Isolda. Tristán doíase de non dar con esa Isolda, porque se nona atopaba agora en León, onda había tanta familia, nona iba atopar en Viana do Bolo, traballando na terra. Un día mandouno chamar un sarxento chamado Recuero.

-¿Ti eres ése que andas coa teima de atopar unha muller que se chame Isolda?

-Sí señor.

-Pois en Venta de Baños hai unha viuda con ese nome.

-¿Nova ou vella?

-¡Qué sei eu! Coido que é churrera.

Tanto tiña metido no seu maxín o noso Tristán a novela famosa, que non puido dubidar de que aquela Isolda de Venta de Baños fose nova e fermosa. En todo caso, si era vella, tería unha filla ou unha sobriña que seguise no nome, e si era churrera como ela podía seguir co negocio en Ourense ou en Viana, onde xa era hora que deran nos bares chocolate con churros. Tivo Tristán un permiso, e cos vinte pesos que tiña aforrados tomou en León o tren para Venta de Baños. Xa naquel empalme preguntou pola churrería da Isolda. Estaba a churrería perto da estación. E a señora Isolda era aquela que estaba envolvéndolle uns churros a un señor cura. Era unha velliña de cabelo branco, fermosos ollos negros, a pel tersa, as mans mui graciosas pondo os churros no papel de estraza e esparexendo o azucre por derriba deles. Tristán dubidou entre falarlle ou non, pro xa levaba gastadas corenta e sete pesetas no billete de ida e volta.

-¡Bós días! ¿Vostede é a señora Isolda?

-¡Servidora!, respondeulle a velliña, sorríndolle.

-¡É que eu son Tristán e viña a coñecela!

A velliña pechou os ollos, e agarrouse ao amosador para non caír. Bágoas rodaban polas súas meixelas.

-¡Tristán! ¡Tristán querido!, puido decir ao fin. ¡Toda a miña mocedade agardando a conocer un mozo que se chamase Tristán! ¡E como non viña, caseime cun tal Ismael, que era de Madrid!

Tristán saludou militarmente, e despacio volveuse á estación a agardar o primeiro tren para León. Cando éste chegou e Tristán subía ao vagón de terceira, apareceu a señora Isolda, con un paquete de churros. Doullo a Tristán e bicoulle a man. Non se dixeron nada.

Cousas así soio pasan nos grandes amores.

(María Xesús Nogueira, **Os outros feirantes, Álvaro Cunqueiro**. Sotelo Blanco, p. 72)

O texto amósanos un **retrato** do personaxe de Tristán García. Inmediatamente despois da súa representación, procede a relatársenos a historia. Unha das características do conto que imos analizar é a súa grande unidade, que vén dada polo feito de que non hai unha ruptura entre a presentación do personaxe e a narración da historia, senón que na primeira, e aínda máis, no título que encabeza o capituliño, está o xermolo da historia que se narra a continuación.

O **tema** de fondo é unha das constantes que se repiten na obra: a confusión, por parte dos personaxes, entre o *status* da realidade e o da fantasía en calquera das súas manifestacións.

Nunha análise polo miúdo tentaremos demostrar en que medida a caracterización do personaxe se adecúa coa estrutura do conto, así como estudar elementos que fan deste texto, malia o seu esquematismo e brevidade, unha peza ben artellada.

O relato dá comezo coa presentación do personaxe. O propio título xa nos ofrece claves reveladoras para a lectura, pois está formado por un nome cheo de ecos literarios, que remite ó lector á parella de amantes, e un apelido común. Hai, xa desde o primeiro momento, e desde un elemento paratextual, unha dualidade na que entran en conflito un termo marcado (Tristán) e outro non marcado (García).

Esta dualidade aparece explicitada na breve presentación que se ofrece do personaxe. O primeiro trazo caracterizador é verbo do seu nome. A preocupación do personaxe pola orixe da súa onomástica é un tema recorrente en *Os outros feirantes*. Neste caso ocupa un lugar central. Tamén é importante a individualización que a voz narradora fai do personaxe: *este Tristán do que conto...* (1)

A segunda connotación que engadimos ó nome de Tristán vén dada polo personaxe do tío (3), que ó tempo serve para introducir os espazos da emigración (Lisboa), sempre presentes na obra: *decíalle que en Portugal conocía a dous ou tres cabaleiros dese nome, e que todos eles eran ricos* (3-4).

A seguir preséntasenos a connotación definitiva que vai desencadear a historia, a pista fundamental sobre o antropónimo, que serve a Tristán para marcar un novo obxectivo na súa vida. Isto ocorre en León, outro espacio alleo introducido, neste caso, polo tema do servizo militar. Prodúcese neste momento a confusión do *status* do real e do imaxinario, aquí representado pola literatura. A transición dun a outro é moi sutil. Logo de mercar "La verdadera historia de los amantes Tristán e lsolda", da que xa se di que tiña *dous namorados moi abrazados na portada do folletín* (5), o narrador omnisciente dá o salto dun *status* a outro: *Ao fin iba saber quén fora aquel Tristán cuio nome levaba* (6). A identificación de Tristán García co protagonista do folletín é, de aquí en diante progresiva, e determina o seu comportamento no resto do relato: *E dende aquela deu en matinar que andando el polo mundo atopaba unha muller chamada Isolda... O* encadeamento dos feitos na imaxinación de Tristán fai que vaia adaptando os esquemas dos dous amantes á súa propia circunstancia vital:

Atopaba a unha muller (...) → *e gostábanse* → *e facíanse noivos* → *e casábanse* → *e vivían mui felices en Viana do Bolo, de onde Tristán era natural.*

Outro elemento que vai ter unha influencia directa no comportamento de Tristán vén introducido polo sarxento Recuero, que lle dá noticia da existencia dunha Isolda en Venta de Baños. Ata aquí podemos considerar a primeira parte do relato (17*)*, na que se tece unha situación inicial que máis adiante ha ser resolta.

A conexión desta segunda parte coa anterior prodúcese por medio dunha oración consecutiva que serve para reafirmar a confusión do personaxe, xa situado de cheo no outro lado da realidade: *tanto tiña metida no seu maxín o noso Tristán a novela famosa que non puido dubidar de que aquela Isolda de Venta de Baños fose nova e fermosa* (18-19). O mecanismo que Tristán desenvolve segue a ser, como viamos anteriormente, adaptar á súa propia vida os esquemas dunha historia de

amor da literatura esquematizada nos dous personaxes amantes. O proceso de idealización acaba por distanciar a Tristán García da realidade evidente. Nun cambio de voz narrativa que deixa paso á subxectividade do personaxe, amósasenos o seu razoamento nun esforzo por non romper ese idealismo ubicado na vida cotiá: *en todo caso, si era vella tería unha filla ou unha sobriña que seguise no nome (...)* (19). Repárese aquí na importancia da forma verbal *tería*, coa que o narrador nos sitúa sutilmente no terreo do irreal. Mediante este mecanismo, o protagonista chega a facer unha adaptación pragmática dese ideal que a penas coñece, Isolda, á súa vida: *e si era churrera como ela podía seguir co negocio en Ourense ou en Viana do Bolo, onde xa era hora de que deran nos bares chocolate con churros* (19-20). Ata aquí, o enfrontamento dos dous termos, que xa estaba suxerido no título, inclínase cara ao lado do irreal, é dicir, a realidade é manipulada pola subxectividade do personaxe.

O conflito resólvese coa viaxe de Tristán a Venta de Baños. Nesta parte final cobra unha especial importancia a forma de narrar, pois os feitos vánsenos desvelando cunha enorme audacia. Nun primeiro momento sabemos que Tristán identifica perfectamente a Isolda, a quen o narrador chama a *señora Isolda* (22), co que se nos proporciona o primeiro indicio para pensar que non se trata dunha muller nova como imaxinara Tristán. Outra pista témola nas seguintes palabras do narrador omnisciente que comenta a reacción de Tristán que *dubidou entre falarlle ou non, pro xa levaba gastadas corenta e sete pesetas no billete de ida e volta.* É importante este distanciamento do narrador que fai descubrir ao lector implícito, mediante unha serie de indicios, o desenlace inmediato do conflito. Estamos diante dun texto que reclama, polo tanto un lector activo e colaborador. Só no diálogo que manteñen Tristán e Isolda sabemos con certeza que se trata dunha *velliña* (27) **(Afirmación inexacta: o narrador descríbea un par de liñas antes)**. Segue un momento cargado de emotividade, que o narrador marca por medio do hipérbato *Bágoas rodaban polas súas meixelas* (29). Trázase un claro paralelismo cunha situación que se produce na primeira parte, logo de o protagonista ler a historia dos amantes. Tamén neste caso *Tristán García verqueu unhas bágoas* (7). A tensión mantense ao presentarse a Isolda como unha antítese da muller idealizada, pero que, por outra banda, comparte con Tristán esta confusión entre a realidade e a súa imaxinación. Este é o vínculo que une as súas vidas. *¡Toda a miña mocedade agardando a coñecer un mozo que se chamase Tristán! ¡E como non viña caseime cun tal Ismae*l (...) (30-31) Este é o momento no que o conto alcanza unha maior tensión.

O desenlace final prodúcese cando logo de despedirse Tristán, xa na estación aparece outra vez en escena a señora Isolda cun paquete de churros. O remate está narrado con boa dose de solemnidade e tenrura: *doullo a Tristán e bicoulle a man. Non se dixeron nada (33-34).* O relato péchase definitivamente cunha reflexión do narrador: *cousas así só pasan nos grandes amores (35).* Grandes amores coma os de Tristán e a señora Isolda, que transcorren entre os fíos da realidade e da imaxinación. O conflito queda suspendido no final do relato.

Desde o punto de vista temporal o relato ten unha **estrutura** circular. Comeza co emprego do presente da narración (*Este Tristán do que conto*) (1). No decurso do mesmo o narrador bota man de tempos de pasado para volver, logo, ó presente a través da reflexión do narrador, coa que o conto cobra un carácter máis universal. A estrutura é, polo tanto, desde o punto de vista temporal, pechada.

Chegados a este punto podemos facer unha lectura do título coma unha metáfora desas dúas realidades que entran en conflito, a cotiá e os mundos da imaxinación: *Tristán García*.

6.- **Quintana viva, Prosas** de Xosé Filgueira Valverde, 1971

A miña España

Aqueles primeiros anos da miña vida téñoos enfariñados todos de brétema como unha mañá de invernía e véxoos cal a chan dun regato por riba das augas brincadeiras. Daquela eu tiña xa as miñas ideas, gorentábame o azucre e do íanme as azoutas, mais non podía abranguer o que sería aquela cousela que chamaban *España*. Porque España era España, e eu non sabía a qué poñer aquel nome. A carón meu falábase: *España non ten cartos. España é grande. Pídeo España. Temos de salvar a España. Os castiñeiros de España. Os montes de España. As terras d España* …

Eu primeiro coidei que España era unha dona moi rica, que vivía moi lonxe e mandaba en todos nós, e ata cheguei a pedir me levasen a ver a España, como se pedise ir ver a tía Catuxa de Brión. Mais conforme fun crecendo, España foi soterrándose, e fun vendo as cousas metidas na súa campa, cal os bonecos nunha caixa de cartón. Porque me fun decatando de que chovía nela e de que alí vivía xente.

A derradeira coida que collín foi a de que eu tamén estaba alí e entón terminei por saber que era unha terra chamada así, coma se se falase dos agros de Marza ou do Pazo de Medín. E entón canto quixen a España, porque España tiña todo axeitado a min.

E foi o conto que meu pai tivo que ir a Madrid para arranxar certos atafegos e levounos a miña nai e a min. Fuxiu todo preto de nós e de alí a un día estabamos onde non chovía e facía todo moito ruído. Alí non había a miña casa, nin os meus castiñeiros, nin os meus agros …, e din que debruzado no colo de miña nai, berrei esbagullando.

-Eu quero tornar a España! Eu quero tornar a España.

7.- X.L. MÉNDEZ FERRÍN: **O crepúsculo e as formigas** (1961).

O Suso

A voz do Suso chegou a min fortemente, como unha corneta que rinchase:

-Manolito. Baixa. Baixa.

Eu obedecín.Todos os rapaces da Barbaña obedecíamos ao Suso. II era sorprendente. Tiña uns ollos escuros; ollos de animal de baixoterra, opacos, fixos. Non era posíbel deixar de cumprir os seus desexos. Il non mandaba, simplesmente desexaba. Estivera tirando pedriñas contra os vidros da miña habitación. Eu abrira a fiestra e el berroume duro:

-Manolito. Baixa. Baixa.

Baixei. Desencolgueime pola vella cepa, máis vella que o meu avó, aquela tan vella que facía garda inmóbil na porta da nosa casoupa da Barbaña.

-Hai un rapaz no río -díxome o Suso.

Eu non lle demandei se é que o rapaz afogara. Pero voltei a testa, inquirindo, como a testa de unha víbora. Respondeume:

-Está cerca da Pasarela. Ten os ollos abertos... Éche un rapaz.

Detívose e perguntoume pregando o entrecello:

-¿Tes medo?

¿Ía eu premitir que o Suso supuxera aquilo? En verdade tiña medo.

Pero o caso é que tódolos rapaces da Barbaña tolearían de pracer se o Suso os fora tirar do leito ás dúas da mañá pra ir ver un afogado. E eu mesmo sentía un pracer xugoso e doce, coma se mordera unha grande mazá que me enchera a boca.

Pro eu tiña medo e sabía que chegado o intre había ter aínda máis medo. Díxenlle:

-Non. Non teño medo. ¿E logo?

Puxémonos a andar á beira do río.

A néboa era lixeira, coma un cristal algo suxo. Facía frío. Saíra con roupa de menos e cando me din de conta daba dente con dente.

-Estou aterecido, Suso.

II non respondeu. Agora que recordo xa non dixo máis nada en todo o tempo que durou o noso camiñar á beira do río.

Daba eu un paso e un medo novo botábame unha poutada igual que un gato bravo, alritado.

O río da Barbaña fede: alí concéntrase toda a merda de Ourense.

Ergueuse vento e tiven máis frío pro, sobre de todo, molestoume o grande rumor dos canavais, axitados coma unha cabeleira erecta que berrase. Fixeime no Suso. O Suso sempre tranquilizaba coa cara morena e fina que il tiña e os xeitos seguros. E a ponto estiven de berrar: o Suso ía coa cabeza baixa, camiñando con pasos inseguros, todo denotando nil inseguridade. Fiquei perplexo e pareime, cos ollos moi abertos. Il non fixo nada máis que isto: ollume fixamente, fixamente. Como soio il sabía ollar. Eu recuperei a calma no acto.

Saquei dous pitos que lle roubara ao meu pai. O Suso dixo que non coa cachola. Eu acendín un. Pareime. O Suso seguía a andar. Dinme de conta de que as pegadas do Suso non erguían absolutamente ningún bruído e por segunda vez estiven a ponto de berrare... Pro mordín o labre inferior e seguín, notando que un delgado sangue me escoaba polo queixo. O Suso parouse. Estaba algo lonxe de min, enriba dunha cañería de formigón armado. Pareceume alto e lonxe. E moito. Berroume como adoitaba berrar, como unha corneta:

-Manolito. Xa chegamos. Está na orela. Ti busca por alí. Eu vou por alá.

As últimas palabras removéronme e puxéronme carne de galiña. Tatexei:

-Non... Non...

E il repitiu:

-Eu vou por alá.

Vin desaparecer os seus ollos opacos e poderosos. Foise.

E eu púxenme a buscar o rapaz afogado ao resplandor escasísimo que viña do bairro do Couto.

O vento rizaba a iauga porca da Barbaña. E batíame o fedor na cara coma unha suxa mao. Metín un pé no río e mordeume un frío agudo.

E atopei ao rapaz afogado, na beira, a flor de auga.

Foise o medo inesplicabelmente.

Era un rapaz -visto entre a néboa, entre a iauga, á luz lonxana do Couto- de proporcións parellas ás do Suso ou ás miñas. Chamei:

Suso. Suso. Suso.

Fungaban -iso si- as canas, pero o Suso non me respostou.

Suso. Suso. Suso.

Dinlle a volta moi asustado, pero sen medo. Dinlle a volta. O rapaz afogado tiña ollos de animal de baixoterra. Tiña os ollos do Suso. Tiña a ademirada cara do Suso. O rapaz afogado era o Suso.

Botei un berro liso e longo como unha lombriga. A néboa espesara. O vento quería fender os canavais. Voltei a berrar e o berro foi outra vez longo e repulsivo. Caín. Erguinme. Iniciei unha carreira cega.

Ao final da miña fuxida de pequena besta horrorizada, estaba a miña casa. E metinme na cama acorado e molladísimo.

Pasou o tempo.

Pasou o que quedaba de noite, nun estado de semi-inconsciencia.

E toda a rapazallada do bairro comenzou a berrar embaixo da miña fenestra:

-Manolito. Manolito. O Suso afogou onte no río. O Suso afogou onte no río.

Erguinme e mirei o río. Era día grande. Non había néboa.

8.- CARLOS CASARES: **Vento ferido** (1967).

Monólogo

Se se cabrea que se cabree. A min que. Aguanto i adiós. Vaime matar ou que. Se se cabrea, ala, a beber, a beber i a cantar ou que. Xa sei o conto. Nada de berros nin barullos. Conozo ben o choio. Nin siquera me di borracho, non, ela ben sabe. Abóndalle ai, meu Dios, ai, meus filliños, ela ben sabe. Se se cabrea que se cabree. Ás doce e media non me meto eu na casa. Non me meto non ou que. Vou estar de oito a oito dando clases e logo nada, non, home, non. Veña, que se cabree. Ai, meus filliños, ai, ai que estou canso. Porque un home pódese cansar e despois, bueno, é millor calar porque me estou cansando de ter aí, no primeiro banco ó fillo do Chevrolet, con cara de touciño, porque me estou cansando e un día ponse de rodillas sen máis porque me dá a gana porque estou canso de ver a cara de parvo que ten, que parece un apalominado, me cago nil, que burro, si, que burro, que lle vou decir ó Chevrolet que o poña a cavar ou que o meta nun comercio, que o raparigo non sirve, que é tatexo e non me sabe dividir por decimais, cara de touciño, cara de non sei que que ten o porco ise. E se se cabrea, tamén me cabreo eu, que xa está ben de apandar ou que, que non vai ser sempre día de santo entroido. Veña, que se bebo é á miña conta, que non lle pido a ninguén e se lle pido, millor que se pides, prestan ó oito, que xa podes ter á muller pra dar á luz, que non hai volta, quince mil e ó oito e se non che convén, ós morcegos, a papar vento, que bastante favor din que che fan, que se expoñen, que os recibos ó fin non serven pra nada, que non che van quitar a pel ou que inda que findes na cadea eso non importa, que con ir un á cadea eles non cobran e que se che embargan, o embargo non val o que tiñan que cobrar, que se me cabreo vou coller o vaso e vouno escachar contra o chau e se quero non deixo un vaso san que xa veremos como me arranxo en xaneiro que me vén o quinto en camiño e aínda que traia o pan debaixo do brazo o pan heino mercar eu, ou que. E a algún voulle mandar o vaso á cabeza, que de min non se ri ninguén nin naceu fillo de nai que me bata; que me estou cansando e vai ser ela, que me estou cansando e cando me canso non respondo, que xa está ben ou que, tanto mirar de esguello ni niño muerto, tanto mirar así, como se non foras xente ou como se non tiveras ollos, que moitos pensan que un é parvo coma o fillo do Chevrolet, que ten cara de touciño, que algún vaise acordar da nai que o pariu. E se lle toca ó fillo do Chevrolet, tócalle, que ten o ángulo facial obtuso de dez grados. Anda, anda, pinta, parvo, pinta un ángulo recto, que non sabes o que é, home claro que non sabes, home claro que non sabes porque tés o ángulo facial obtuso de dez grados, ai, ai, ai, que non o sabes, que ninguén sabe nada, ai, meus filliños, ai, van rematar parvos por falta de vitaminas D ou C e o fillo do Chevrolet e os cen mil fillos de San Luís e os mil lapós de lonxe,da Laponia, do frío, que din que si, que si-se-ñor, que todo está ben, que todo vai ben, que si, que si-señor, e aplaudir así: plaf, plaf, plaf, todos, que aplaudan todos, que todo o mundo aplaude, que hai que aplaudir, si, si, si-señor, que a ver se pensan que un é parvo ou que, que un somentes come touciño ou que, ou que un as pasa negras, negrísimas, sen decir que se pasan negras, negrísimas, porque está

millor visto decir que se pasan brancas, ai, que se me abre a boca, a... que teño sono, soneiro, sonámbulo, sonámbulos todos, todos: eu e o taberneiro e as vírxenes de oitenta anos histérico sonámbulo perdidas e os perdidos, sonámbulos tamén, ai, sonámbulos os meus filliños, ai, que meu home é un perdido, pero non o di, eso non o di, ai, que non o di, que non o di, frere xaque din, din don, que non o di que non o vin, pero dixéronme que si: *gallegos y animales* ou algo así, o carteliño da estación de Madri i i i, Pi i i i, que estou trompa e que, se son de provincias e que, porque ó millor non somos xente e temos o ángulo facial obtuso e falta de vitamina D, algún vaise acordar de min e do chotis e agora voume porque quero e non me manda ninguén porque son *y son y son unos fanfarrones* faraones, ones, ós, millós, que son cousas da fonética, ai, ai, ai, a fonética, ética, estética, dietética, cosmética. Voume. Unha, dúas, tres...

9.- XOSÉ NEIRA VILAS: **Xente no rodicio**, 1965

Lucinda

Así era Lucinda. Tenra e barullenta. Falaba a treu; percuraba vencer a soedade que a envolvía. Poida que xa nin eso lle importase. A aldea quedaba lonxe; era un recanto amado rebulindoa na lembranza. ¡Pobre Lucinda...! Camiñando por aquela rúa soturna e pecadenta deron os meus ollos nela. Ría con tristura mal desemulada, e unha carantoña profesional estaba fixa no seu rostro sombrizo. Bebía viño branco e falaba. Entrei no bar, percurando que non me vise, e cando se bateu tras de min a porta de ferro, chegoume a súa voz.

-...xa tanto me ten –decía- estar aquí ou alá; durmir ou beber ou falar. A vida é un adibal. Pódese encartar ou deixar que podreza en calquer recuncho, ou consentir que siga atándonos. ¿Chístavos a comparanza? O mellor fora non ter nado. Quedar no escuro pra sempre. Ou cando menos que nos desen un mundo máis levadeiro. Non sei como pode haber quen pilla de todo mentres outros langrean. E non falo soio de codelos. ...Vós non podedes entenderme, sodes da outra banda; dos que andan por derriba. Non me refiro soamente á cama... Hai dúas castes de xente: a dos que remangan a xostra e a dos que van diante dela. Uns mandan e outros son mandados. Eu ben sei deso. Porque eu... Ninguén leva aturado tanto. Pero vós non sodes quen de sentir mágoa por unha muller da miña caste. Somos lixos de coiro morno; preas sin cheiro. Rídesvos do noso rir. Pensades que non pensamos. E eso, derriba de todo o demais, doi de certo... Nin sei porque falo. Será o viño, que me abura. E vós aí, adevertíndovos á miña conta, ollándome coma cadelos. Non sabedes quen son, nin de onde veño. Se vos contase... Miña nai andaba ó xornal. Vivía nunha caseta e deitábase cun serrador portugués. Un día quedou pra diante, e o serrador liscou pra non apandar co fardel. De alí a pouco nacín eu. Crieime de leira en leira, enredando coa millán e cos grilos. Miña nai traballaba polo día, e de noite sempre viña algún peilao a quentarlle as pernas. Eu era pequecha pero non tardei en decatarme de todo aquelo. Astra o portugués voltou unha mañán, traguendo laranxas pra a "súa crianza". Cando tiven des anos fun servir. Tratábanme mal. Todos eran a bourar en min. A ama nin siquera me deixaba poñer a roupa vella das súas fillas. Pero afíxenme a aturar. A todo se afai unha cando non hai escolla. A ver, ti, bótame outro gurrucho de viño. Daquela recachei por primeira vez. Aínda non fixera catorce anos. Foi unha tardiña, polo outono, mentres coidaba o gando no monte. Senteime ó pé dunha cachoupa. Coma se fose hoxe... A noite víñase deborcando. Comezaban a mesturárseme nos ollos as vacas cos fentos secos. Erguinme, con mentes de voltar, e neso chegou el, Alberte, o fillo da ama. Máis dunha vez tentara entrar no meu coarto, e unha mañán tumboume na horta, disposto a esforcexarme. Pero non saíra coa súa. Agora estaba alí, no monte. Eu collín grimo. Vós non podedes entender. Alberte achegóuseme cun sorriso treidor malvadoso. Dixo algo coma pra si, e sin máis deitoume ó pé da cachoupa. Dei un berro irto que resoou ó longo do monte. Defendinme a máis non dar astra que fun perdendo as forzas. Estaba vencida. Sentín o peso do home e as súas maos, tremantes, acariñándome.

Sentino dentro de min... aquelo foi o comenzo, a primeira bulra. Botei de conta que ese era o meu destino herdado, coma quen herda unha eiva. Un destino de pendanga... Non. Non choro; talvez o viño... Dempois de Alberte foron outros. Xa tanto me tiña. Boteime a rolar astra que cheguei á vila. Entre vós e a fame está o meu corpo estragado. Arréndome para ir indo. E cando chegue a vella... Bótame un gurruncho. O viño fai medrar os azos. Ben digo: fora mellor non ter nado. O adibal ataféganos.. Ti, meu rulo, ¿pensabas deitarte hoxe comigo? Pois xa está. Cando queiras. Estou pra...

Saín do bar. Lucinda seguía bebendo e falando. Boteime a camiñar sin rumbo, vagarosamente. Tiven noxo de min. Lembreime daquela tardiña no monte. E do berro. E da cachoupa. E de miña nai cando me decía: “Alberte, non abures á rapaza”

10.- SUSO DE TORO: **Polaroid, Tic-tac**.

(APOTEOSE DO CHURRASCO) NÓS.

-Foiche un político. Non, que era un político. Boeno, pois dibuxaría, tamén, pero era un político. ¿Cal? ¿A de encarnado? Vaia espeteira, quen lla dera á túa vaca, eh Paco. Quiá, este foi galleguista famoso. Este e Rosalía foron o máximo. Tranquilo, home, tranquilo, esto deixámolo preparado hoxe. Antes das oito témolo a punto para mañá. E se hai que quedar media hora máis, quédase. Fale co capataz que é aquel home de negro. Tanquilo, home, para mañá está, e logo pódeno inaugurar as veces que queiran. Boeno, pois enterralo logo, pero fale co capataz, que está alí, e dígalle que vaia chamando ó da grúa que esto vai estar e así que estea o cemento botado, logo lle hai que poñe-la pedra enriba. Non sei, será da Xunta, leva toda a tarde por aí, dando voltas. Anda, oh, pásamo prendido que eu estou nesto. Hache de estar nalgún bar da Porta do Camiño, estes das grúas escápanlle ó traballo que mete medo. Ai, seranche dúas toneladas ben. ¿Eso? Dúas toneladas, dígocho eu. Se non é pola grúa esta, fan falla trinta homes, aínda non chegan. Pero vaia tumba. Home, non será, pero a ti e mais a min non nos han facer unha tumba así, nin tanta cirimonia. Nun caixón aínda che metía eu a ti, e despois cravábao ben e tirábao polo río abaixo. Pois coa tampa facía unha boa mesa para poñer diante da casa embaixo da parra. Ou aínda máis, ti mira eso fixérono entre varios homes, ponlle que tres, abaixo de quince días non lles levou, logo transportalo no cameón, e a grúa esta, nós levamos aquí toda unha tarde, e logo, ¿pensas ti que a cerimonia de mañá non custa cartos? Polo menos dous millóns. Ai non, que ó saír de aquí non che van tomar unha boa mariscada e uns albariños... Non, oh, pois do millón e medio non baixa. Políticas. Quere dicir Buenos Aires e eses números é o ano en que morreu ¿Nunca estivestes? Pois éche un puerto de mar. E boeno... éche un lugariño feito, é indo cara Ribeira, collendo á man esquerda. E aquí estamos nós, facendo un traballo de categoría, de primeira. Sonche políticas todo.

Polaroid, Xerais, 1986, p. 77

A Ilíada para nenos, Suso de Toro.

Pois isto era que había un rei que lle chamaban Menelao, que era rei de Troia. Este xa de pequeno era caprichudo e toda canta cousa vía toda a quería. Cu vexo, cu quero. Todo para el. Pero claro, non sempre pode un ter todo e a que non llo daban pois logo choraba. Hala, veña chorar. Pero xa non tiña falta, que os pais todo llo compraban. "Quen non chore o meu pequerrechiño, que non choromique". E así foi que o criaron consentido e caprichudo.

E logo que foi grande pois xa lle gustaban as mulleres e botábase a elas como un can. Ben, iso xa o veredes cando medredes, xa iredes vendo como é a xente, que algúns son coma cans. Ou se cadra xa o sabedes porque hoxe xa lle falan das porquerías aos parvuliños na escola. Veña, pois o caso é que este Menelao viu un día unha muller que era moi guapa, que era unha que lle chamaban Helena. E el pois encaprichouse da Helena e queríaa para el. "Ven pa onda min, rapaza" dille el. E Helena que era ela algo coqueta pero, coidadiño, que ela sabía estar no seu sitio. Mírame y no me toques. E vai ela e dille que nanai, que ela xa estaba casada co rei dos gregos que se chamaba Ulises e que nanai. Ui, a que armou Menelao, que tiña que ser e que tiña que ser. E colleu e raptouna. E aí armouna, porque foi a de Troia. E así empezou a guerra de Troia.

Claro, vós supoñede como se puxo Ulises cando se enteirou que lle quitaran a muller. Porque xa sabedes que hai un dito que di que non se prestan nin a muller nin a estilográfica. De aquela aínda non había estilográfica. E dixo Ulises "¡pois vai arder Troia" e xuntou un exército moi grande con soldados, barcos, catapultas, e toda canta cousa había e foi a por Troia. A conquistala.

E alí chegou o exército dos gregos. Pero a cidade, porque Troia era unha cidade anque tiña rei, tiña uns muuuros enooormes, aaaaltos e goooordos. E non había maneira de entrar para conquistala. E aínda por riba Menelao asomábase por riba dos muros e facíalles burla aos gregos. E estes anoxábanse todos pero nada podían facer.

E levaban xa así varios anos, cando un xeneral dos gregos que se chamaba... Hostia, digo ostra, Ulises era un xeneral dos gregos, que non era o rei. O rei dos gregos era... era... Vaia, hom, non me acorda. Aquiles non. Pois nada, non me vai acordar agora. Boh, é igual, xa me acordarei logo. Pois resulta que este Ulises que era un fulano moi renarte e espilido, renarte quere dicir astuto como o raposo. Si, porque o raposo é moi espilido para pillar as galiñas. Espilido quere dicir que se dá moita maña, que é moi agudo, moi listo. E pois vai Ulises e di, "ímolos enganar. Ei meus, ¿por qué non facemos un cabalo de madeira moi grande con rodas e metémonos dentro eu e mais cen guerreiros, e logo dicímoslle aos de Troia que marchamos, que non podemos conquistar Troia e que nos rendimos? E cando saian da cidade han ver o cabalo e halles gustar e seguro que o meten dentro e así pola noite saímos do cabalo e conquistamos Troia. ¿Eh? ¿Que tal?". E os outos dixeron que okey, que si.

E fixeron o cabalo e agacháronse dentro Ulises e os cen guerreiros gregos e avisaron aos de Troia que marchaban. E así o fixeron, recolleron o campamento, arramplaron coas catapultas para que visen que era certo que marchaban. Os de Troia non vexades vós o contentos que se puxeron cando viron que os outros marchaban. "E mais marchan, e mais é certo", Menelao non o podía crer. E Helena digo eu que estaría triste, porque se Menelao xa era caprichudo antes facédevos unha idea do malo de aturar que non había ser despois de vencer aos gregos. O que pasa é que Helena tamén se cadra xa se afixera a vivir en Troia. Ou se cadra tiña medo de que o seu marido, o rei dos gregos ese que non me acorda agora como se chamaba, pensase que ela marchara con Menelao polo seu gusto e lle quixese medir o lombo. Porque nos matrimonios ás veces haivos moito de machismo e de malos tratos.

O caso é que os de Troia saíron para fóra da muralla e viron alí aquel cabalo tan grande e tan bonito e dixeron "ai, que bonito. Mirade o que deixaron aquí os gregos. Vese que non lles cabía nos barcos de volta e deixárono". E metérono para dentro da cidade, que era o que quería Ulises. "Veña para dentro". E despois, pois os de Troia fixeron festa rachada pois porque acabara a guerra. E veña baile e veña foliada, e veña viño e veña empanada. Que se pago eu unha ronda, que se paga Xan outra... e así ata que xa non podían máis. E cando estaban todos peneques, borrachos como preas, ou sexa que estaban cegos que non vían, pois xa era noite e saíron Ulises e os seus e xa podedes supoñer. Pois conquistáronos a todos. E prendéronos a todos, a Menelao tamén. E colleron a Helena. E quedaron coa cidade.

E así foi como gañaron os gregos a guerra de Troia. E como consecuencia ardeu Troia, e por iso quedou o de "vai arder Troia, carallo", que quere dicir "aquí vaise armar unha boa". E despois Ulises marchouse para a súa terra, que era unha illa. E así vos foi a guerra de Troia. E houbo despois un poeta que lle chamaban Romero que cantou a historia en verso. E así foi.

Ah, xa me acorda. O rei dos gregos chamábase Agamenón. Xa me acordou. Esta historia seina eu moi ben. A min gústame porque vén querendo dicir que máis val maña que forza.

(Da libreta de NANO, *As historias que máis me gustan*.)

Tic, tac. Ediciones B, 1993, p.162

Agarda un pouco, que o rei dos gregos non era Agamenón. Ese era o outro xeneral. O que era o rei dos gregos era Príamo. Si, home, xa me acordou. Trabuqueime eu antes. Como os gregos teñen todos uns nomes parecidos... Era Príamo. O que pasa é que este era primo de Agamenón, coma o seu nome indica.

Tamén está a aventura de Ulises, pero esa aínda non a escribín.

Tic, tac. Ediciones B, 1993, p.179

11.- FRAN ALONSO: **Males de cabeza** (2001).

Domesticum bellum

Home estaba intentando poñer orde nos seus papeis cando Muller entrou pola porta. Mércores, era un dos días que chegaba tarde. Home fumaba un cigarro e levaba posta a bata de casa. Muller sacou o abrigo, pendurouno nunha percha do recibidor e entrou na sala.

-Ola –saudou Muller achegándose á mesa para lle dar un bico. Sorriulle e, como todos os días, fíxolle unha chiscadela de complicidade.

-Ola, amor –respondeu Home-. ¿Vés cansa?

Muller bufou, soprando expresivamente e movendo a cabeza dun lado para outro.

Moito –dixo finalmente-, voume dar unha ducha.

-Vale. Téñoche preparada a cea.

Home quedou remexendo nos papeis mentres Muller entrou no dormitorio. Logo sentiu como saía e se metía no baño. De alí a un pouco, abriuse a porta e, por detrás, asomou o seu torso nu.

-Hai que baixar o lixo –berrou. E logo volveu desaparecer trala porta do baño.

Home intentou responder pero non lle deu tempo. Queríalle dicir que xa vestira o pixama e que o baixaría ó día seguinte. Comezou a escoitar o ruído da auga caendo sobre a bañeira e continuou revisando os papeis, dobrando algúns e rachando outros.

Ó cabo dun pouco sentiu como Muller saía da ducha e entraba no dormitorio. Finalmente aparceceu no salón, sorrinte, co pixama posto. Parecía máis relaxada.

-Moito mellor –dixo sen que Home lle preguntase nada. E logo engadiu:

-¿Baixaches o lixo?

-Non. Non o baixei porque xa estaba en pixama. Báixoo mañá.

-¿Mañá? –Muller semellou contrariada-. Tocábache baixalo e sabes que ese lixo non pode quedar aí. Apesta a peixe.

Díxoo facendo un xesto de noxo coa boca.

-Xa, pero esqueceume e logo xa estaba en pixama, ¿que querías que fixese?

-¡Que ías facer! Baixalo, que para iso che tocaba. É que sempre fas igual.

Home ergueu a cabeza, deixando o que estaba a facer; sentiuse ferido.

-¿Como que sempre fago igual? ¡É que non podo esquecerme de baixar o lixo un día? Estaba liado cos papeis e fóiseme o santo ó ceo.

-Pois aínda estás a tempo de baixalo, así que xa sabes –replicoulle Muller con contundencia.

No rostro de Home, o enfado adquiriu unha sombra máis dramática.

-¿Pero non ves que estou en pixama! Ben que me ves. Non te fagas a parva.

-Mira, aquí o único que está a facer o parvo es ti, que tiñas que baixar o lixo e non o baixaches nin o queres baixar.

-¿Pero ti que tes hoxe? –berrou Home- ¿Como teño que dicirche que estou en pixama? ¿É tan grave se o baixo mañá? ¡Xa está ben! ¿Non?

Agora foi Muller a que ergueu o ton de voz, para contestarlle:

-¡Escóitame ben! Estou farta de ti, da túa actitude pasiva e de que sempre fagas o mesmo. Este lixo cheira que apesta e non pode quedar aí toda a noite. Pero tanto ten, hoxe é o lixo, mañá é a compra e pasado mañá é o banco. O señor sempre ten que deixalo todo para o día seguinte porque sempre está ocupado. Eu non, eu teño que estar sempre dispoñible.

-Vale, xa empezamos cos reproches. Estupendo, era o que me faltaba esta noite. ¿E a señora non ten nada máis que engadir?

-Que vaias á merda. Iso é o que teño que engadir –soltoulle acedamente, tentando contrarrestar o seu sarcasmo.

-Pois á merda podes ir ti, porque eu estou farto das túas intransixencias. A ver se aprendes a ser un pouco flexible. Se non se baixa o lixo hoxe, báixase mañá, e non vai caer o mundo por iso, ¿entendes? Pero a ti, claro, se non é hoxe éntrache cagarría. Pois moi ben, se queres obrigarme a sacar o pixama e cambiarme para baixar o lixo, fágoo, o que a señora mande, por suposto, pero non creo que haxa necesidade ningunha.

Visiblemente enfadada, Muller abandonou a sala. Un minuto despois apareceu, en silencio, vestida cun chandal. Quitara o pixama e levaba a bolsa do lixo na man. Sen dicir nada, desapareceu dando un portazo, engulida pola escuridade das escaleiras, camiño da rúa. Non pasaron máis de cinco minutos cando apareceu de novo. Home, desde o salón, berroulle:

-Bravo pola túa heroicidade, parabéns, algún día alguén che entregará o Premio ó Servilismo, á Ousadía e á Valentía.

-Non te preocupes, a ti vante galardoar coa Medalla ó Cumprimento do Deber –replicou Muller con rapidez.

-Vai ó carallo.

-Vai ti que o tes colgando.

Home quedou en silencio. Logo faloulle baixando a voz e procurando un ton conciliador.

-Es absolutamente irracional. Montas todo este barullo só porque me esqueceu baixar o lixo. Pois mira que ben; coma se a ti nunca che esquecese nada.

-Non digas parvadas, anda. E, sobre todo, non te fagas a víctima. Ti sabes ben que non é que non baixes hoxe o lixo. É que sempre pasas de todo, que nunca fas o que tes que facer e logo ando eu a facelo por detrás. E ademais es un falabarato, córreche moito a lingua, e xa me estou a fartar de ti e das túas impertinencias verbais. Así que vaite contendo, meu rei.

-Ah, estupendo, agora a neniña vénme con ameazas –Home retornou ó ton agresivo que tiña con anterioridade-. Perfecto. Era o que nos faltaba no repertorio desta noite, criatura. Pois mira, vaite ó carallo, se tan pouco che gusto eu e tanto che gusta baixar o lixo, puideches quedar con el, que alí estabas ben. E xa que dis que sempre paso de todo, lémbroche que che tiña a cea preparada. Agora ben, se non che parece digna de ti porque a fixen eu, podes metela no cu.

Muller quedou en silencio. Logo, profundamente doída, respondeulle a modo:

-Irremisiblemente, es un imbécil e non sabes controlarte.

A resposta de Home non se fixo esperar.

-Tes razón, ho; ti es o autocontrol personificado. Acabas de ameazarme con irte e fálasme de autocontrol.

-En primeiro lugar, eu non te ameacei con irme. Díxenche que xa me estou a fartar de ti, que é diferente. E en segundo lugar, iso nada ten que ver con que saiba ou non saiba controlarme. Ese é o teu problema, non o meu. Eu sei ben o que digo. Ti non. E por se non che quedou claro, dígocho de novo: xa me estou fartando de ti. ¿Está ben claro agora ou prefírelo por escrito?

Home á defensiva, buscou provocala coa súa resposta:

-Está tan claro que a decisión é túa: se te estás a fartar de min xa xabes o que tes que facer.

-Seino perfectamente –desdramatizou Muller con ironía-. Ir para a cama e non aturarte máis. Boas noites.

Home quedou algo sorprendido. O corpo aínda lle pedía guerra.

-Boas noites –constestoulle, desconcertado, vendo que Muller daba media volta, ignorando a súa presencia.

Logo quedou mirando para Muller, como se afastaba polo corredor, desafiante, sen probar a cea que lle tiña preparada desde antes de que chegase.

-Eh, polo menos dáme un bico antes de te deitares –berroulle, un tanto desesperado desde a sala.

12.-XESÚS CONSTENLA DOCE. **As humanas proporcións**. *Tiñádelo que ver*. 2004

A vitoria ha corresponder a quen posúe algunha vantaxe respecto dos seus competidores. Esas vantaxes radican en certos caracteres dos que soamente son portadores algúns individuos. Eses caracteres son os que permiten a supervivencia e, xa que logo, o éxito na loita pola vida.
A orixe das especies. Charles Darwin.

O maremágnum de buguinas, motores e fumes colapsaba as estradas todas. A policía xa non era quen de lle dar fluidez a aquela circulación tan mesta. Había helicópteros revoando por riba do longo regueiro de vehículos, con orde de disparar se percibían algún conato de violencia entre condutores.

Esta é unha mensaxe para a súa seguridade, berraba Megafonía. *Fagan o favor de colaborar. Atendan en todo momento as nosas indicacións*.

As xentes esmagábanse contra das follas de cristal das portas automáticas. Eu que sei o que alí había. Milleiros de individuos de toda caste e condición. Chegaban a ducias as excursións didácticas das escolas. Había soldados de permiso vestidos de paisano e outros de servizo con roupaxes de verán.

E familias,

moitas familias.

As fábricas do cinto industrial puxeran autocares para os obreiros e as institucións públicas transportaban de balde aos funcionarios. Incluso as ambulancias dos hospitais carrexaban pacientes con enfermidades que non impedían a mobilidade.

Tiñádelo que ver.

Benvidos, Benvidos, Benvidos, dicía Megafonía.

Todos eran gargalladas, dedos que sinalaban , bocas abertas de admiración.

Uns empregados vestidos de verde con cans de presa e material antidisturbios dedicábanse á tarefa de controlar as regueiras de xente para que non se orixinasen innecesarias colas nin aglomeracións.

Dende a pasarela metálica dun gran barco de pasaxe podíase escoitar o bruír do mar, o ir e vir das ondas rompendo nos acantilados, as gaivotas chiando, as buguinas dos barcos soando na distancia... Ás veces algunha balea asomaba pola superficie do mar para coller a súa ración de aire antes de mergullar de novo na máis fonda escuridade do océano. Unha lene brisa aloumiñábanos da face con dozura mentes sentiamos o sabor salgado das algas e o arrecendo da escuma.

E había sardiñas, xurelos, estrelas de mar, dragóns mariños, arroaces, anguías eléctricas, anémonas velenosas, peixes con formas nunca imaxinadas...

Tiñádelo que ver.

Xusto a continuación chegamos á porta dunha granxa moi ben atendida. Podiamos sentir as suaves raiolas do sol quentándonos a pel, e por debaixo dun violín que interpretaba a Vivaldi, escoitabamos os sons dos diferentes animais. Vacas bruando, galiñas cacarexando, burros que orneaban...

Ata que de súpeto o estrondo das serras eléctricas ía seguido dos escalofriantes chíos do porco no momento da matanza.

Non faltaban unha ou dúas mulleres que se desmaiaban nin algún cativo que se botaba a chorar.

Era o clímax dos matarifes.

Tiñádelo que ver.

Había trens en miniatura que tiñan accidentes mentres corrían entre bosques e fragas.

E había bonecos malos, moi malos, que berraban alcumes feísimos ás meniñas que pasaban ao seu carón.

Tiñádelo que ver.

Deseguida soaba a música sacra e a luz comeza a esmorecer. Megafonía rezaba rosarios, responsos e viacrucis.

Os cadaleitos compartían protagonismo coas coroas, os ramos, os cirios e as mortallas.

Había enterros e velorios.

Megafonía convidaba a xente a deitar nos cadaleitos mentres todos corramos a coller sitio nas cadeiras forradas de veludo para vermos mellor as incineracións. A xente choraba e laiaba ser parar.

Abraiante.

Sobrecolledor.

Logo comezaron a soar as danzas africanas, sons dos máis afastados desertos, instrumentos das selvas amazónicas e dos cumios andinos...

O mundo volvérase exótico e evocador.

Oíanse conversas de mercados asiáticos en ríos ateigados de embarcacións. Escoitábanse pescantinas das máis distantes aldeas da Polinesia. Viñan á mente os campos de Xamaica, as selvas amazónicas.. que sei eu cantos lugares.

Tiñádelo que ver.

E logo ollamos grandes areais, ondas moi bravas,

e vento,

moito vento.

Os pais houberon coller aos cativos no colo e as mulleres berraron polos seus peiteados. Botámonos todos a correr, ata que fixeron acto de presenza os empregados vestidos de verde para tentar de acougar a situación.

Os cans non entenden de sexos nin idades.

A escena encheuse de sangue, de berros, de confusión.

Ata que todos quedamos calados e, xa que logo, a festa comezou.

Loitando desesperadamente coas tremendas ondas do mar embravecido apareceu unha gamela ateigada de xente a máis non poder. Pasaban enormes barcos cargueiros que aumentaban a inseguridade da deriva. Ninguén podía entender como non afundía engulida pola escuridade do mar.

De súpeto xa non volvemos oír os berros dos navegantes. A gamela acaba de volcar.

Chegou a escuridade.

E o silencio.

Os corpos foron aparecendo espallados sobre as areas da praia. Un, e outro, e outro máis. Tiñádelo que ver. Aquilo parecía non ter fin. Nenos, mulleres, homes. Algúns xa afogaran no mar perdidos para sempre. Mais había moitos que aínda vivían. Os empregados vestidos de verde endereitábanos e obrigábanos a andar.

Nunca deixan de chegar mercadorías ao Centro Comercial.

Permanezan en silencio, dixo solemne Megafonía, *Vai facer a súa entrada o Supremo Alcalde Maior*.

Ao son de claríns e trompetas o tellado comezou a abrirse en dúas follas. Apagáronse as luces todas e puidemos ver o ceo estrelado e fermoso das mellores noites do verán. Moi pretiño dos cráteres dunha enorme lúa chea foi aparecendo unha luz que non deixaba de medrar en intensidade a medida que viaxaba cara a nós.

Era o globo aerostático máis fermoso que nunca tivera sobrevoado a cidade, engalanado coas mellores teas que poidades imaxinar.

Tiñádelo que ver.

Na parte de abaixo levaba un cestiño do que penduraban longas cintas de cores.

A multitude estoupou en aplausos e ovacións.

Todo eran loas e fervor.

Cando estaba a poucos metros de chan botou uns cabos e amarrárono a unha columna.

Amadísimos concidadáns aos que tantísimo quero, dixo con voz marcial o Supremo Alcalde Maior. *Sei que xa vou vello e axiña vai chegar a miña hora. Adiquei a vida enteira a este*

Centro Comercial que tanto amamos e non podo menos que sentir orgullo cando vexo que sabedes gozalo.

Eu non quero vervos sufrir cando pensedes nos caídos no camiño. Lembrade as máximas do noso admirado Charles Darwin: Na loita pola vida só van sobrevivir os máis aptos, os máis capaces. Os demais son escoura humana que para nada necesitamos. Que morran, logo, por indesexables!

A multitude estoupou nunha ovación interminable.

Quero que adiquedes estes vosos alentadores aplausos aos empregados vestidos de verde, aos seus cans de presa e ao seu material antidisturbios. Sen a súa abnegada dedicación o caos reinaría por doquier. Que ía ser de todos nós.

Vivan os empregados de verde!, coreou a multitude apaixonada.

Agora a este ancián que tanto vos ama só lle reta pedir que con berredes: *Longa vida ao Centro Comercial!*

Longa vida ao Centro Comercial!

Xusto nese momento ceibáronse os cabos que suxeitaban o globo, e o Supremo Alcalde Maior escapou cara ao infinito facendo circos no ceo coa velocidade dun foguete.

Ficamos todos abraiados.

Ninguén soubo que dicir.

Tiñádelo que ver.

E de súpeto Megafonía falou. *Agora vaian dirixíndose ás saídas. Fágano dun xeito ordenado ou o noso servizo de orde vai verse na obriga de actuar*.

Cando o derradeiro vehículo abandonou a área de aparcamento fixo acto de presenza a patrulla de limpeza para retirar os refugallos ciscados polo chan, incluído algún cadáver que alguén deixara esquecido no lugar.

Os empregados afanábanse en pór todo no seu sitio.

Sería un novo día de traballo no Centro Comercial.

Unha nova fase evolutiva, vello Darwin, acaba de comezar.

13.- SÉCHU SENDE: **Made in Galiza**, 2007

EU FIXEN OUIGHA CO ESPÍRITO DE CASTELAO

Hai xente que non recorda cando, como ou por que comezou a falar galego. Eu si. Recordo perfectamente aquel 17 de maio. A profesora entrou na aula cunha bolsa grande debaixo do brazo e dixo A lección de hoxe vais ser diferente, e sacou dous cirios e prendeunos e dixo Baixade as persiás.

Díxonos que fixeramos unha roda e que sentásemos no chan e fixémolo sen deixar de mirarlle nos ollos un brillo que eu nunca volvín verlle a ningún outro profesor.

Falaba en voz baixa, amodo, e dixo Pode que a lección de hoxe nunca a esquezades. Hai moito tempo que quería facer isto e nunca me atrevín. Hai xente que di Con estas cousas non se xoga. E eu digo Podemos xogar con calquera cousa. Sentou.

Isto dixo sacando unha táboa de madeira e un vaso que pousou no chan, isto é, unha oughia, un vínculo de comunicación co máis alá. Cos espíritos. Hai xente que di que os espíritos nin existen, e supoño que teñen razón. Mais hoxe necesitabamos crer neles. E puxo un vaso de cristal encima do taboleiro, que tiña o abecedarios e os números pintados.

Lembro a profesora dicíndonos Xuntade as mans facendo un círculo. Entón s súa voz comezou a vibrar con aquela escuridade de médium.

Invocaaaaamos o espíritooooo deee Daniel Alfonso Rodríguez Castelaaaaaooo... Invocámoste, paaaaai da paaaaatria, invocáaaaamoste, luz da Gaaaaaliza, faaaaaro da nazoooóón de Breogáaaan. Ven con nóoooos ao noso cíuculo de irmandaaaade, veeeen á noooosa teeeerra.

Moi ben, rapaces, rapazas, agora Luís e mais eu imos poñer o dedo índice sobre o vaso. Luís, por favor...

Luís era eu. E puxen o meu ao lado do seu dedo sobre o vaso que estaba boca abaixo.

Irmaaaaaaán Castelaaaao, se estás entre nós, manifféstate!!!!

E entón sentín como o vaso comezaba a se mover cara ao S, fixemos un ooooohh como se aquilo fose un milagre, e o vaso foi cara o A..., arrastrando o meu dedo cunha forza delicada. Logo U, D, e outra vez E e T, E, R dúas veces e A... Saúde e Terra, dixo a profesora.

Saúde e Terra, irmao Daniel. Hoxe estamos aquí reunidos na procura de coñecemento e sabedoría... Alguén quere preguntarlle algo a Castelao, dixo a profesora, sempre foi unha persoa moi ocupada..., e entón alguén preguntou...

Está por aí Rosalía de Castro?

O vaso moveuse outra vez, ene, ese, te, e, pe, erre, e, ce, i, ese, o, eme, o, eme, e, ene, te, o, ene, o, ene... Estou só, Rosalía foi dar un paseo.

E aí escribes libros?

Escribo.

E como se titula o último que escribiches?

Cousas da morte.

E escoita música? Preguntou Lucía.

Si, gústanme os Rolling Stones.

Irmán Daniel... –dixo a profesora coa súa suave voz en off- queres facernos ti algunha pregunta? Tal vez ti teñas curioooosidaaaade...

Entón foi cando Castelao, logo dun tenso silencio, fixo aquela pregunta que cambiou a miña vida:

F-a-l-a-d-e-s-g-a-l-e-g-o-?

E claro... Eu si, adiantouse Marcos.

E eu, e eu foron dicindo Lucas e Iria e Uxío e Lucía e...

Eu case sempre –dixo Marta-. E así toda a xente.

Entón todo o mundo empezou a mirar para min, que era o que faltaba... e dixen, co dedo tremendo encima do vaso, con moito respecto: Ay, yo aún no lo hablo, Castelao, pero, mira, te juro que empiezo mañana mismito.

14.- MANUEL RIVAS: **¿Que me queres, amor?**.

A lingua das bolboretas, Un saxo na néboa, Carmiña.

GUIÓN DE A LINGUA GAS BOLBORETAS

E S C O L A - A U L A

Os rapaces nos pupitres, berrán, Tíranse pelotas de papel, pelexan.

B A R U L L O

Ábrese a porta e aparece don Gregorio con Moncho, que esta vez non carga co inhalador. Ao neno asústao o alboroto. O mestre *dá* dúas palmadas e inmediatamente faise un absoluto

S I L E N C I O

Xa na tarima, don Gregorio diríxese aos seus alumnos:

DON GREGORIO: Hoxe temos un novo compañeiro. O cal é unha alegría para todos, e ímolo recibir cun aplauso. Aplaude el.

A P L A U D E N O S N E N O S

Don Gregorio, mentres soan os aplausos, leva ao confundido Moncho ata o seu asento e invítao a sentar nel. Despois vólvese cara aos pupitres. Romualdo deixa o pupitre e diríxese á tarima cun libro nas mans; ten as pernas longas e morenas e os xeonllos cheos de feridas; os pantalóns curtos quédanlle ridículos.

ROMUALDO: Unha poesía, señor.

DON GREGORIO: Xa, pero ¿como se titula?

ROMUALDO: «Recuerdo infantil; de don Amonio Machado.

DON GREGORIO: Ah, moi ben, empece, e xa sabe, amodiño e

en voz alta. Repare ben na ¿puntuación.

Romualdo carraspea como un fumador de picadura e le cunha voz incrible, espléndida, de locutor radiofónico:

ROMUALDO:

.. Una tarde parda y fría /de invierno. Los colegiales /estudian Monotonía /de lluvia tras los cristales. Es la /

clase. En un cartel /se representa a Caín, / fugitivo, y muerto Abel, / junto a una mancha carmín*

Moncho escóitao extasiado.

DON GREGORIO: ¿Que significa -.monotonía de lluvia», Romualdo:

ROMUALDO: Que chave despois de chover, don Gregorio.

DON GREGORIO: Moi ben. Agora irnos ao ditado...

Ábrese a porta sen que ninguén tivese petado. No limiar, don Avelino, o cacique local, que fuma un cigarro.

DON AVELINO: Ros días.

Ao mestre moléstalle a interrupción, pero invítao a pasar:

DON GREGORIO: Adiante. adiante, ¿como está?

DON AVELINO (Seco): ***Eu, ben. Pero ao rapaz véxoo mal.***

Evidentemente retírese a Xosé María, no que pousan as miradas do pai e do mestre.

DON GREGORIO: Non entendo.

DON AVELINO: Onte púxolle un problema de contas, ou sexa de gando, e non deu pe con bola.

DON GREGORIO: Ben... Si... E ben certo que debería esforzarse un pouco máis, pero...

Cabecea, convencido:

DON AVELINO: Ferro, señor mestre, ferro... (Fai un xesto cara a fóra e segue.) H***ai que lle meter na cabeza as cantas sexa como sexa.***

Obedecendo ao seu xesto, entra a criada que recolleu a bicicleta ***c*** que agora trae dous capóns collidos polas patas.

DON AVELINO: Dállos ao señor mestre.

DON GREGORIO- Non, non... De ningunha maneira...

Enfádase o cacique:

DON AVELINO: ¿E logo,vaimos desrezar?

DON GREGORIO: Don Avelino, por favor... Non é a miña intención...

Prepotente, o cacique fai outro xesto cara á rapaza, que deixa os capóns na mesa, diante dos ollos de Moncho, sentado aínda na cadeira do mestre.

DON AVELINO (Polos capóns): ***Xa verá que enxunUa teñen,*** (Vai cara á porta.) ***Queda dito: esméreseme co cativo, que non lle ha pesar. E quede con Deus.***

Empuxa á criada e sae tras dela, pechando a porta. O mestre non tivo ocasión de reaccionar. Desconcertado, volve a mirada da porta aos capóns e dos capóns a Xosé María. E decide.

DON GREGORIO: Colla estes capóns.

O rapaz levántase, vai á mesa, colle os capóns. Todo diante da expectación dos seus compañeiros.

XOSÉ MARÍA: ¿ E que lles fago?

DON GREGORIO: Déixeos debaixo do pupitre. E despois devólvallos ao seu pai.

XOSE MARIA: Ben. Pero vaise enfadar. Seguro que me casca. O rapaz puxo ao mestre nun apuro.

I.- O conto como subxénero narrativo: conto popular e conto literario.

O conto é un modo narrativo difícil de definir, pois choca con outros xéneros como a narrativa breve, a novela.... Hai quen o considera un xénero de 2ª categoría; mesmo hai quen se nega a consideralo un xénero. Quizais sexa a súa brevidade unha das principais causas desta baixa consideración, aínda que -por outra banda- precisamente esta brevidade (esa necesidade de intensificar a acción e a tensión interna do relato) é a razón que argumentan outros para o considerar como un dos xéneros de máis difícil cultivo e que máis esixe do escritor.

De todos os xeitos, podemos caracterizalo por: a) Síntese e condensación: frases exactas, condensadas, expresando o máximo no mínimo. b) Reducido número de personaxes: non hai heroe/heroína por falta de espazo para exhibirse. c) A narración como o modo do discurso fundamental. d) Importancia do final (vid. *Dos arquivos do trasno*)

Atendendo á súa orixe e transmisión, hai que diferenciar **CONTO POPULAR** de **CONTO LITERARIO**.

1.- O **conto popular** é de transmisión oral, anónimo: non ten autor individual, o pobo adóptao como algo propio. Ademais posúe innumerables versións. Presenta temas e motivos recorrentes (como o personaxe que se ve na obriga de vencer unha serie de obstáculos para conseguir un obxecto) e formalmente posúe marcas para facilitar a atención do ouvinte e a memorización -fórmulas introdutorias fixas, xogos de ritmos e rimas, repeticións..., apelación ao ouvinte...-.

Os contos populares contaron xa desde o S. XVII con folcloristas, eruditos e escritores que se preocuparon pola súa recompilación. Foi pioneiro neste sentido Perrault (XVII) en Francia e logo Andersen (XIX) en Dinamarca, os irmáns Grimm (XIX) na Alemaña, e no s. XX en España Almodóvar e outros.

A Literatura galega, que sobreviviu durante séculos afastada da escrita, ten no conto popular un dos principais baluartes de resistencia ao castelán.

2.- O **conto literario** é de transmisión escrita e autor individual, normalmente coñecido. Ten unha finalidade estética e por iso amplía o seu repertorio temático e formal. Responde a unha tradición antiquísima, aínda que non tanto como o popular, que se di que é tan vello como o mesmo home. Son os orientais os máis antigos coñecidos (*As mil e unha noites, Calila e Dimna,* etc.) mais é no post-romantismo cando se produce a auténtica consolidación do conto literario, salientando entre os seus cultivadores europeos do s. XIX **Chejov, Guy De Maupassant, Robert Luis Stevenson** e **Emilia Pardo Bazán**; e en América a **E. A. Poe** (o mestre do *conto fantástico*).

II.- O conto na literatura galega.

Hai que facer unha pequena referencia ao conto popular galego debido á súa importancia, ao seu protagonismo no mundo rural, e á súa influencia en escritores como A. Fole (Letras Galegas 1997) ou o propio Cunqueiro. Debido á particular conformación dese mundo rural en lugares e aldeas (o que facilitaba o illamento), o conto popular xurdía como indiscutible protagonista das reunións feitas despois da xornada de traballo, a carón do lume da lareira, nos seráns do verán, na taberna, etc. Os contos populares galegos foron recollidos en distintas escolmas.

En canto ao conto literario galego, (Vid. Alonso Girgado: *Antoloxía do conto galego* (1989) e *O relato breve. Escolma dunha década: 1980-1990* (1990) partimos de Francisco Álvarez de Nóvoa (*Pé das Burg*as,1896) que manifesta a súa intención de rachar coa tradición costumista e rural dos relatos da época para reflectir a vida dos traballadores e da burguesía da época. Continuamos coa Xeración Nós, cos relatos breves de Vicente Risco: *O lobo da xente*, *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán (*1925). Tamén Otero Pedrayo cultiva o relato breve: *Pantelas, home libre* (1925), *O purgatorio de Don Ramiro* (1926), *Escrito na néboa* (1927). Castelao móstrasenos como un grande dominador da narración breve, como un grande mestre, mostras sobradas disto son *Cousas* (1926), *Retrincos* (1934), libros de narracións breves caracterizados polo fondo lirismo e a raíz autobiográfica.

Mais sen dúbida hai nestas xeracións de preguerra unha figura que se pode considerar como a máis representativa; trátase de Rafael Dieste , autor do libro de contos **Dos arquivos do trasno** (1926), unha verdadeira xoia da nosa literatura. Neles destaca o seu final, porque é aquí onde se sitúa a súa intensidade, o final sorprendente é o que fai que o lector se *enganche*; tamén a presenza de máis dun narrador, o que dá lugar frecuentemente á incrustación dunha historia dentro de outra. Fantasía e realidade van sempre xuntas. -Lémbrese *O neno suicida,* etc..-

Outro dos mestres do conto é Ánxel Fole, escritor case exclusivo de contos: *Á lus do candil* (1953), *Terra brava* (1955), *Contos da néboa* (1973), *Historias que ninguén cre* (1981). Fole recrea o conto contado, é dicir, o conto creado para ser contado, non para ser lido. Así, nos seus contos obsérvase a súa constante presenza, mesmo uns traen aos outros, como sucede nas reunións a carón do lume. Caracterízanse por estaren ambientados no Caurel, Quiroga, O Incio, Lugo, tamén polo misterio, o medo; pero apéganse máis ao realismo que á fantasía. -Lémbrense os contos de lobos-.

Os outros dous autores de narrativa de posguerra, Blanco Amor e Cunqueiro, móstranse igualmente como grandes contadores. Blanco Amor en *Os biosbardos* (1962) e Cunqueiro nos 3 libros de relatos breves.

Logo temos a importante aportación da Nova Narrativa, con técnicas anovadoras tales como o monólogo interior, a narración en 2ª persoa, a indagación no subconsciente, etc. Todo isto supuxo un grande adianto respecto da tradición, coa supresión do anecdótico e folclórico a prol da creación de mundos imaxinarios. Salientaremos nesta Nova Narrativa escritores como Méndez Ferrín (*Percival, O crepúsculo e as formigas, Arraianos*...), e Carlos Casares (*Vento ferido*).

En 1975 creouse o premio de narración curta **Modesto R. Figueiredo**, do que sairán nomes importantes como Martínez Oca, Xabier Alcalá, Víctor Freixanes, etc, etc..

A ESMORGA

Publicada no 1959 en Buenos Aires, despois de que Galaxia o intentase aquí e fose rexeitada pola censura; aquí: en Galaxia no ano 1970. Foi levada ao cine en 1977 por Gonzalo Suárez, con Antonio Ferrandis (Milhomes), José Sacristán (Cibrán) e José Luis Gómez (O Bocas), mais ambientada nas minas asturianas e coa choiva substituída pola néboa, etc.. En 1976 Sarabela levouna ao teatro : Serxio Pazos (Milhomes), Fernando Dacosta (Cibrán), Suso Díaz (Bocas)

I.- ESTRUTURA.

II.- VOCES NARRATIVAS:

1. NARRADOR-AUTOR.
2. NARRADOR-PROTAGONISTA.
3. OUTROS PERSONAXES.
4. RECURSOS NARRATIVOS: A TÉCNICA TELEFÓNICA, FUNCIÓN ANTIDIGLÓSICA E ECONOMÍA NARRATIVA

4.-LINGUA E ESTILO

III.- TEMPO

A. O narrador-autor móvese nun tempo que nada ten que ver coa "crónica".

B. Cibrán fai a súa declaración perante o xuíz en 4 sesións (mañá e tarde) durante 2 días (coincidentes cos capítulos, agás no paso do IV ao V). Ilo vendo no libro.

C. Os feitos sucederon nas 24 horas anteriores

O TEMPO DA ESCRITA (DO DISCURSO):

1.- RETROSPECCIÓNS:
2.- PAUSAS
3.- HISTORIAS INTERCALADAS:

IV.- ESPAZO.

1.- A DOCUMENTACIÓN
2.-A DECLARACIÓN de Cibrán
3.-OS FEITOS

V.- PERSONAXES

1.- CIBRÁN
2.- MILHOMES
3.- O BOCAS
4.- PERSONAXES SECUNDARIOS

VI.- ELEMENTOS DETERMINANTES DA TRAXEDIA: O TEMPO ATMOSFÉRICO, O ALCOHOL, A FATALIDADE PROGRESIVA, A VIOLENCIA INSTITUCIONAL.



O LAPIS DO CARPINTEIRO

I
Narrador omnisciente en 3ª persoa, **situado na actualidade**.
O xornalista Sousa vai entrevistar ao vello doutor da Barca: republicano, exiliado. Con el está a súa dona Marisa. O doutor conta como se coñeceron el e Marisa: tempo da República 32-36
II (pouco máis de 2 páxinas)
Narrador omnisciente en 3ª persoa, **situado na actualidade**. É Herbal, o vixilante. Limpa o local. Herbal escribe nunha servilleta **cun lapis de carpinteiro**.
III (só media páxina)
Narrador homodiexético en 1ª persoa: Herbal. Lembra como seu tío mataba os raposos e ... e como isto llo **lembra o lapis que el levaba na orella**, este lapis.
IV (7 páxs)
Herbal fala con María de Visitaçao ... está narrado polo narrador omnisciente en 3ª persoa,.
V (2 páxs).
O mesmo narrador. **Conta a historia do lapis ata chegar** a el
VI (8 páxs)
O pintor conta como coñeceu ao Dr da Barca. Volta Herbal e a 3ª persoa.
VII (case 3 páxs.)
Mestura a 3ª coa 1ª. As lembranzas de Herbal da aldea.
VIII (4 páxs.)
Segue o omnisciente en 3ª persoa.
IX (5 páxs.)
A Herbal agora fálalle o pintor morto. No cárcere o amor de Marisa e o doutor.
X (4 páxs.)
Vida no cárcere, consello de guerra ao Dr. Herbal cóntalle que non se defendeu.
XI. (5 páxs.)
Ao comezo e fin do capítulo Herbal cóntalle a M. Da V., o resto en 3ª persoa.
XII (3 páxs.)
Segue contando Herbal a M. Da V.
XIII (8 páxs.)
O pintor segue e se lle meter na cabeza. **Herbal sente o lapis** e ...Tamén lle fala o **home de ferro** (conciencia).
XIV.(longo, case 10 páxs.)
A **voz do pintor**. O home de ferro rise. Del polo episodio do neno co pao.
XV. (o máis longo, case 14 páxs.)
Narrador omnisciente en 3ª persoa: historia do avó de Marisa, Benito Mallo.
XVI (5 páxs)
Estación da Coruña, **visto a través dos ollos dun neno vendedor de La Voz de Galicia.** Un dos gardas pasa revista e anota os números **cun lapis de carpinteiro** (Herbal)
XVII (case 12 páxs)
Herbal que lle conta a M. Da V. Os que se abrazaban eran o Dr. e Marisa.
XIIII (11 páxs.)
Herbal, a monxa, o amor, a alma...
XIX (case 10 páxs)
Segue contando a M. Da V., a viaxe en tren cara San Simón ... F*oi a última vez que a vin*...
XX (3 páxs.)
Xa no presente, le a esquela do Dr.,. Chega un cliente, é un xornalista (1º cap.).

O relato desenvólvese dentro de dúas estructuras marco:
-**A visita dun xornalista** ó doutor Da Barca (xa vello) para lle facer unha entrevista na que rememore os feitos da súa vida.
É apenas unha anécdota para presentar os personaxes desde un final feliz, tralo exilio do doutor
- **O relato de Herbal**, o garda da cadea que lle conta a unha moza do club onde traballa unha historia do tempo da guerra, a do doutor e como el conseguira un lapis igual a aquel co que xoga agora.

Todas as cartas de amor são
Ridículas.
Não seriam cartas de amor se não fossem
Ridículas.

Também escrevi em meu tempo cartas de amor,
Como as outras,
Ridículas.

As cartas de amor, se há amor,
Têm de ser
Ridículas.

Mas, afinal,
Só as criaturas que nunca escreveram
Cartas de amor
É que são
Ridículas.

Quem me dera no tempo em que escrevia
Sem dar por isso
Cartas de amor
Ridículas.

A verdade é que hoje
As minhas memórias
Dessas cartas de amor
É que são
Ridículas.

(Todas as palavras esdrúxulas,
Como os sentimentos esdrúxulos,
São naturalmente
Ridículas.)

Álvaro de Campos, *21-10-1935*

O MERLO NOVO (Rei Romero)

Tanta paixón e tanta melodía
tiñas nas túas veas apreixada,
que unha paixón a outra paixón sumada,
no breve corpo teu xa non cabía.

Polos teus osos doce lume ardía
coma unha coxegante labarada,
que, en espacio tan curto atafegada,
para o ar polo bico che fuxía.

Coma o gromiño que xentil rebenta
cando o raio do sol o beixa e quenta
ó asomar garimoso polo oriente,

así tu, feitizado pola aurora,
ó sentir que chegaba a túa hora,
empezache a cantar sinxelamente.

COM OS MORTOS (Antero de Quental)

Os que amei, onde estão? Idos, dispersos,
arrastados no giro dos tufões,
Levados, como em sonho, entre visões,
Na fuga, no ruir dos universos…

E eu mesmo, com os pés também imersos
Na corrente e à mercê dos turbilhões,
Só vejo espuma lívida, em cachões,
E entre ela, aqui e ali, vultos submersos…

Mas se paro um momento, se consigo
Fechar os olhos, sinto-os a meu lado
De novo, esses que amei vivem comigo,

Vejo-os, ouço-os e ouvem-me também,
Juntos no antigo amor, no amor sagrado,
Na comunhão ideal do eterno Bem.

VIVO SIN VIVIR EN MI...
(Santa Teresa)
Vivo sin vivir en mí,
y tan alta vida espero,
que muero porque no muero,

Glosa

Aquesta divina unión
del amor con que yo vivo,
hace a Dios ser mi cautivo
y libre mi corazón:
mas causa en mí tal pasión
ver a Dios mi prisionero,
que muero porque no muero.
¡Ay! ¡Qué larga es esta vida,
qué duros estos destierros,
esta cárcel y estos hierros,
en que el alma está metida!
Sólo esperar la salida
me causa un dolor tan fiero,
que muero porque no muero.
¡Ay! ¡Qué vida tan amarga
do no se goza al Señor!
…

OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE

Desenvolvemento escénico

Despois de falarmos da estrutura da obra, podemos analizar o desenvolvemento escénico (estrutura interna): na trama dos 3 lances aparecen (ademais de outras individuais) as seguintes secuencias (non sempre exactamente coincidentes con escenas) aínda que se realicen por orde diferente:

	LANCE 1º	2º	3º
1.-O vello solicita moza	1ª	3ª	3ª
2.-Actitude dos adxuntos	4ª (1)	1ª	1ª
3.-Dúo de moza e mozo	5ª (2)	3ª	2ª
4.-A opinión pública opina	5ª	2ª	4ª
5.-Anuncio de catástrofe	3ª e 5ª (3)	4ª (4)	4ª
6.-Catástrofe	6ª	4ª	5ª
7.-Epílogo (5)	7ª	4ª	6ª

(1) Lévase a cabo dun xeito implícito: elas xa coidan do vello, non lle cómpre outra muller. (2) Non directamente enfrontados, senón de parola coas mulleres. (3) Tal vez se repita por estar moi lonxe o 1º. (4) Case sen separación da propia morte. (5) Anticlímax, formas diferentes de liturxia fúnebre.

Funcións simétricas dos personaxes:

Despois de vermos o desenvolvemento escénico dese arquidrama, debemos analizar os personaxes arquetípicos que se ven implicados nel (segundo Carballo Calero):

1.- Vello	Saturio	Ramón	Fuco
2.- Moza	Lela	Micaela	Pimpinela
3.- Mozo	Carabineiro	Portugués	Mozo
4.- Morte	Mendicante	Sapo	Morte
5.- Pobo	Mulleres	Mulleres	Mulleres
6.- Parentes	Irmás	Pais	Pais
7.- Mensaxeiro	.....	Rapaz	.....
8.- Censores	.....	Máscaras	.....
9.- Bailaríns	.....	Espantallos	.....
10.- Coro	Coro	Coro	Coro

A LITERATURA POPULAR.

I.- REFRÁNS

1. **Amor como o da nai, non o hai**.
2. **A muller e a *sartén* na cociña están ben**.
3. **O home, na praza, a muller, na casa**.
4. **Non te fíes de mulleres nin emprestes a parentes**.
5. **Da muller e do mar non hai que fiar**.
6. **A muller é a metade do home**.
7. **A muller que pega ó seu home, fai ben, se pode**.
8. **Unha muller forte e brava é o goberno dunha casa**.
9. **Na casa sen muller ¿Que goberno pode haber?.**
10. **A dona traballadora non quere home folgazán**.
11. **A muller é fogo, o home estopa, vén o demo e sopra**.
12. **A muller que moito se mira a cara, pouco atende a casa**.
13. **A dona quere ser rogada e non obrigada nin forzada**.
14. **Á muller e ao can, o pau nunha man e noutra man o pan**.
15. **A muller que asubía e mexa de pé, nunca boa é**.
16. **A muller e a viña dan ao home alegría**.
17. **A muller e a sardiña, pequeniña**.
18. **Coa muller e co diñeiro non te mofes, compañeiro**.
19. **Muller que sabe latín, non serve para min**.
20. **O luns mollo, o martes lavo, o mércores seco, o xoves saco, o venres peneiro, o sábado amaso e o domingo, que eu fiaría, todos me din que xa non é día**.
21. **A muller viúva non ten quen a sacuda.**

II. CONTOS POPULARES

MEU PAI! AI, MEU PAI!
- Meu pai! Ai meu pai!
- Que é o que queres, ho?
- A nai botouse no leito a berrar que é moito berrar, seica di que lle doe moito a barriga.
-Pois deixa que berre, ho, deixa que berre se lle fai ben.
Pasou un pouco e o rapaz volveu berrar:
- Meu pai! Ai, meu pai! A nai seica morre, que berra máis a cada paso!
-Déixame de lerias, ho, déixame de lerias, que estou traballando!
- Mire que lle está moi maliña! É ben que veña á casa!
- Vaite ti aló, ho! Vaite ti aló que eu non che podo! –dixo o home.
E viroulle as costas ao fillo que berraba desde o fondo da horta.
Pouco tempo pasara e volveu berrar de novo o rapaz:
- Meu pai! Ai, meu pai! A nai pariu un neno talmente coma un cuxo.
- Bo, e para iso tanto berrar, ho! –dixo o home.
E remusgando quen sabe o que, seguiu fozando na terra.
Pasou tempo, o home traballaba na mesma leira e desde o fondal da horta volveu a lle berrar o fillo:
- Meu pai! Ai, meu pai!
- Que é o que queres, ho?
-Que a cocha está facendo a cama e seica quere parir!
- Vaite termar dela non sexa que vaia mancarse! Corre ben, que eu vou de contado!
E o home, deixando a ferramenta, pillou a escape camiño da casa.

A MIÑA MULLER
Estaba eu unha vez probando unha gadaña nun comercio cando apareceu por alí un velliño da miña aldea que era un home moi sabido en todas as cousas, e díxenlle que me escollera el a gadaña pero respondeume:

As mulleres e as gadañas,
non hai que escollelas,
hai que acertalas.

Eu, que andaba por aquel entón para me casar, quedei pensando no dito daquel home, e así de memoria, paseille revista ás mozas do lugar e, das que me gustaban, á que lle topei menos defectos foi a unha que tanto ela como a nai, tiñan o costume condenado de emprestar todas as ferramentas que tiñan ao primeiro que llelas pedise e, desa maneira, naquela casa nunca había a que botar man, pois ninguén llelas devolvía. Pero, vaia! En comparación coas outras era a máis xeitosa. E fun onda ela, pedinlle palabra de casamento, deuma, buscamos padriños e casamos.
A noite de vodas estiven pensando como lle quitaría o defecto. De xeito que, para o outro día, cando volvín á noite do traballo, no camiño agarrei un vara verde ben xeitosa e, en canto cheguei á casa, collín a muller por un brazo e dinlle unha malleira de mil demos, tanto que lle deixei o corpo como unhas medias a raias. Ela, cando a soltei, díxome chorando:
- Por que me pegaches? Que che fixen?
- Pegueiche porque emprestaches o eixadón.
- Pero se nós non temos eixadón!
- Chacha, é verdade! Pois dispensa, e xa sabes a que che espera, como emprestes unha ferramenta sen o meu permiso.
Non hai que dicir que a menciña foi dun efecto mo bo. Sen o meu consentimento nunca saíu unha ferramenta da casa.

A MULLER DE BOA PAZ

Era un home u unha muller, e a muller era de tan boa paz, que nunca o home a vira incomodada. Por máis que fixera, ela sempre lle daba a razón. Un día, o home viña do monte coa burra (con perdón), e, para metela na casa, quixo metela do revés, co rabo para a casa e a cabeza para fóra, para ver se a muller, que estaba na cociña, se incomodaba. A muller estaba oíndo como o home lle dicía á burra que entrase e, como a burra non quería entrar. E ela, calada, sen dicir nadiña. Pero vendo que pasaba o tempo e o home non daba metido a burra, saíu, e con moito cariño, díxolle á burra, tirándolle polo rabo:

-Entra, burriña, entra desta vez polo rabo, que polo fociño xa tes entrado moitas veces.

III. CANTIGAS POPULARES

1-
Disme que non tedes cruz
para rezar o rosario,
cásate, miña filliña,
e terás cruz e calvario.

2-
Solteiriña non te cases,
aproveita a boa vida,
que eu ben sei dunha casada
que chora de arrepentida.

3-
Non sei por que me casei
que solteira ben estaba;
andaban atrás de min,
agora ninguén me fala.

4-
Arriba pandeiro choco,
arriba manta mollada,
que onde estamos os mozos,
as nenas non valen nada.

5-
A muller vénvos a ser
unha mazá con veleno,
por fóra roxa e bonita,
pon dentro, sábecho o demo.

6-
O zapato quere a media,
a media quere o zapato,
tamén a mociña guapa
require o mociño guapo.

IV. LENDA

AS DÚAS IRMÁS E O MILAGRE DE FREI PEDRO

Dise que hai moito tempo, en terras da montaña, había un labrador que tiña dúas fillas; unha era linda coma o sol e a outra fea, fea coma un ourizo; a primeira, por ser tan fermosa e tan branca, dedicárona a costureira. Era moita finura e delicadeza a súa para sometela aos duros traballos do campo; da outra, nin a escura pel perdería beleza, nin o corpo, robusto e forte coma o dun home, habería de deformarse polos rudos esforzos das sementeiras, de cortar leña no monte e cargar e conducir o carro como se fose un xornaleiro.

Un día, esta irmá sen fortuna que nada tiña que agradecer aos seus pais como muller, pois máis parecía un home con faldras que unha moza e para a cal non había festas nin regalos, lembrando os milagres que facía frei Pedro Manzano, ao pasar diante da igrexa onde se venera o santo, pensou:

"Dise que frei Pedro concede canto se lle pide, se eu me atrevese ... –e decidíndose de repente-: por que non hei intentalo?"

E meu dito, meu feito. Así llo prometeu ao santo:

-Frei Pedriño querido, se me fas tan guapa coma a miña irmá, dareiche o mellor boi que teño na corte.

Todo isto aconteceu cando ía co carro a recoller unha carga de leña que xa tiña preparada en feixes no monte.

Cando a moza chegou cabo dos seus pais, que a agardaban no monte, dixo a nai:

-E ti, non fuches hoxe coser? Por que viñeches no lugar da túa irmá? Non sabes que non quero que te luxes nin te estragues? A onde foi ela?

O pai, alporizado porque a folgazana e envexosa mandara á súa irmá, deixándoo a el sen axudante para a ruda tarefa, berrou enfurecido proferindo ameazas. A rapaza sentiu medo e asombro. Que era o que alí pasaba? Como podían confundila coa súa irmá, tan diferente no carácter, no corpo e no vestido? E murmurou vacilante, tatexando:

-Ai meu pai, miña nai! Por que me falan de tal modo se eu son a mesma, a de sempre nos meus traballos?

-Non es, non –exclamou a nai-: ti defendes á túa irmá, pero perdes o tempo; ela é fea, queimada polo sol e castigada polo traballo do campo; ti es guapa, xentil e delicada. Afasta de aí, deixa os bois, non toques aos toxos para mancarte; ponte á sombra!

-Miña nai! –replicou a moza tremendo.

-Non fales, non fales, cala –cortaron os pais e non a deixaron explicarse nin falar.

Mais cando á tardiña, cargado o carro, volvía camiño da casa, ao chegar diante da igrexa plantáronse os bois; o labrego picábaos co aguillón, berraba, empurraba o carro por detrás; mais o carro nin por esas se movía. E a rapaza, saloucando, puido, por fin, falar e contar aos pais a promesa que lle fixera a frei Pedro. Púxose coma tola de ledicia a nai; e o patrón, a pesar de que sentía a perda dun axudante que tanto lle valía, confirmou con solemnidade o voto da súa filla, contento polo cambio que fixera nela o santo. E os bois romperon a andar.

E ao chegar o día da festa de frei Pedro, leváronlle o boi adornado con fitas de moitas cores.

LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE

2º de Bacharelato

1.**-Contidos**:
1.1-Contidos comúns.
-Lectura e interpretación de textos significativos.
-Identificación, en textos concretos, dos elementos que conforman o relato: técnicas narrativas, personaxes, tempo, espazo.
-Análise, en textos concretos, da relación entre estruturas, recursos literarios e contido.
-Análise, en diferentes textos, da obxectividade ou subxectividade que impregnan a obra literaria, así como da estrutura e técnica que a sustentan.
-Utilización, a partir da observación e análise de textos, dos elementos que conforman o relato.
-Elaboración de traballos, orais ou escritos, utilizando diversas fontes de documentación.
-Respecto pola diversidade da nosa creación narrativa contemporánea.
-Interese por compartir opinións sobre os textos lidos e analizados.
-Valoración da lectura como medio para o coñecemento da nosa realidade cultural e como fonte de pracer e enriquecemento persoal.
-Creación de textos nos cales se teñan presentes elementos literarios e non literarios.

1.2.- A prosa.
-A prosa de ficción: relato curto e novela.
-Estrutura e técnica narrativa. Temática.
-A prosa de non ficción: o compromiso cultural.
-A crítica literaria.
-Artigo de opinión.
-Reflexión sobre o significado e a importancia de determinadas formas literarias na cultura do século XX e da actualidade.

1.3.- Poesía.
-A creación poética. A súa importancia ao longo do século XX e na actualidade.
-Temática: o paisaxismo. A poesía existencial. A poesía social. A poesía amorosa.
-Forma e linguaxe poética.
-Relacións intertextuais.
-As influencias literarias na creación poética.

1.4.- A literatura e as outras artes.
-Texto literario e espectáculo teatral. A súa presenza no século XX e na actualidade.
-Temática e técnica teatral.
-Literatura e cine. Influencias.
-Debuxo e simbolismo. O texto, a imaxe e o contexto.
-Interpretación de obras nas cales se integre texto e imaxe dentro dun determinado contexto.
-Identificación, a través da comparación de textos, da diversa temática e da técnica teatral ao longo da creación do século XX e na actualidade.

2.**-Criterios de avaliación.**
1. Ler e interpretar textos significativos da literatura deste período, sabendo relacionalos co contexto histórico e sociocultural.
2. Analizar textos, reflexionando sobre os seus recursos estilísticos e técnicos, e sobre a interrelación do contido coa forma.
3. Recoñecer en textos de diferente autoría a presenza dunha mesma temática e relacionalos con formulacións anteriores poñendo de relevo as diferencias que os singularizan..
4. Elaborar traballos sinxelos sobre obras de creación, explicando as características principais, achegando unha opinión persoal e utilizando de forma crítica as fontes bibliográficas e documentais adecuadas.
5. Relacionar textos da literatura galega con outros de literaturas distintas, observando as posibles influencias e distinguindo as notas peculiares da nosa cultura literaria.
6. Valorar a creación literaria en lingua galega como expresión dos sentimentos, ideas e ideoloxía, individuais e colectivos, e como medio para enriquecer a propia personalidade.